

# Programación Xeral Anual 2024/25

CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO

[NOMBRE DE LA COMPAÑÍA] | [Dirección de la compañía]

# ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN

2. O CENTRO ESCOLAR

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, MEDIDAS E RECURSOS

4. CONCRECIÓN, MODIFICACIÓNS ANUAIS DO PE

5. TAREFAS EXTRAESCOLARES:PAUTAS E CRITERIOS

6. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

7. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO

Órganos de goberno e participación

Órganos de coordinación docente

8. PLANOS DE ACTUACIÓN

Equipo directivo

Claustro

Departamento de Orientación

9. XORNADA ESCOLAR, QUENDAS E HORARIOS DO CENTRO.

10. PROGRAMACIÓNS E CALENDARIOS

Órganos de goberno e participación

Órganos de coordinación docente

11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

12. PLANO DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

13. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

14. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Plan de biblioteca

Proxecto medioambiental


P.X.A.

15. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN

16. PLANO PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

17. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte Escolar

Comedor

18. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO DO CENTRO

19. PLANO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

20. PLANO DE AVALIACIÓN

21. PLANO DE INTEGRACIÓN DAS TIC / PLAN DIXITAL

22. PLAN DE LECTURA DE CENTRO

23. PLAN DE CONVIVENCIA

24. ANEXOS

Anexo I - Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente

Anexo II - Quendas de recreo , gardas , atención ao alumnado transportado e permanencia

Anexo III – Horarios persoal docente

Anexo IV – Horarios das aulas

Anexo V – Planos de centro

Anexo VI – Plan anual de lectura

Anexo VII - Plan de Orientación

P.X.A.

# 1. Introdución

Esta Programación Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño para o curso 2024-25, no que se establece a súa organización e se fixan os obxectivos a acadar neste curso.

Para o curso 2024– 2025 fundaméntase nos seguintes documentos básicos:

- O actual marco legal recollido no Decreto 374/1996 do 17 de outubro e na Orde do 22 de xullo de 1.997
- ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria.
- A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo ,polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de

P.X.A.

setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- Memoria Final do curso 2023/24.

P.X.A.

### Actividades de inicio do curso

O inicio do mes de setembro , coa incorporación do profesorado o centro procedeuse á elaboración das orientacións e criterios para realizar unha **avaliación inicial** do alumnado durante as primeiras semanas do curso na que se prestará atención os informes de avaliación individualizado do curso anterior, o grado de desenvolvemento das competencias clave e o estado emocional do alumnado. Tamén se fixan os criterios para a elaboración das programacións didácticas , que incorporarán aquelas competencias que se consideren non adquiridas co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Estas medidas recolleranse nos **Plans de reforzo ou recuperación.**

# 2. O centro escolar

### Datos identificativos

Nome/ Código: C.E.I.P. Joaquín Rodríguez Otero - 15021861

Enderezo: Campo de Xaviña, s/n CP. 15111- Buño

C.I.F.:Q 6555347 A Teléfono: 881 88 07 40

Correo electrónico: ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal

Web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinrodriguez

### Situación e contorno

O C. E. I. P. Joaquín Rodríguez Otero está situado en Buño, a 8 km. da capital do concello ao que pertence, Malpica de Bergantiños (A Coruña).

O alumnado do centro procede deste núcleo urbano e das parroquias de Cambre, Leiloio e Cerqueda.

### Alumnado e niveis educativos

No curso actual cóntase con 73 matriculados , repartidos en 9 niveis educativos e 6 aulas, desde 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria. A media de alumnado por aula é de 12.

O claustro do centro, seguindo os criterios expresados polos titores e os membros do departamento de orientación do centro, decidiu realizar os agrupamentos en aulas mixtas ou únicas atendendo os seguintes criterios:

- Procurar a mellor atención as necesidades do alumnado.
- Procurar a homoxeneidade , integración e o equilibrio en número na configuración dos grupos .
- Optimizar os recursos docentes do centro .

### Agrupamentos e titorías

No presente curso o centro organízase en 3 grupos simples e 3 grupos mixtos que acollen a alumnado que cursa dous niveis distintos , segundo se recolle na táboa seguinte.

P.X.A.

| Curso | Alumnado | Titoría |
|---|---|---|
| **4º E.I. (3 ano )** | 7 | Fernando Quintela Cuíña |
| **5º/6º E.I. (4 e 5 anos)** | 11 (3+8) | Jessica Vázquez Cotelo |
| **1º E.P.** | 12 | Saray Remuiñán Seoane |
| **2º/3º E.P. Mixto** | 18 (11+7) | Raquel Cousillas García |
| **4º E.P.** | 13 | Alberto García Pérez |
| **5º/6ºE.P. Mixto** | 12 (6+6) | María Suárez Vilar |

### Catálogo

Os postos de traballo cos que conta o centro no presente curso son as seguintes:

POSTOS DE TRABALLO:

E. Infantil: 2

E. Primaria: 4

Filoloxía Inglesa: 1

E. Física: 1

E. Musical: 1

Pedagoxía Terapéutica/ Audición e linguaxe: 1

Orientadora: 0 (1 mestra compartida co CEIP Milladoiro de Malpica)

Relixión: 0 (1 mestra compartida co CEIP Milladoiro de Malpica)

TOTAL: 10

P.X.A.

# 3. Obxectivos do Centro

### Obxectivos xerais

- Fomentar actividades que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais.
- Potenciar as actividades de prevención das dificultades na aprendizaxe das competencias clave.

- Potenciar o emprego dos medios dixitais na práctica educativa.
- Elaborar o Programa de acollida que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen de:
    - Novas normas de organización e funcionamento do centro.
    - Actuacións de prevención, hixiene e protección.
    - Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
    - Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- Elaborar os Plans de reforzo e recuperación. Os plans de reforzo e recuperación desenvolveranse mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase polo menos, durante o primeiro trimestre do curso 2024/25.
- Actualizar e adaptar á situación presente os documentos de centro.
- Realizar dinámicas de identificación en xestión emocional e traballo coas emocións que favorezan unha boa convivencia .

### Obxectivos específicos

*ORIENTADOS Á PREVENCIÓN E Á ATENCIÓN DA DIVERSIDADE.*

Reforzaranse as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

Continuarase a traballar na prevención das dificultades na aprendizaxe da lectura e a escritura. A observación dos titores e especialistas sobre a evolución do alumnado orientarán aquelas actuacións de atención e reforzo.

P.X.A.

Os obxectivos encamiñados á atención da diversidade están especificados na Programación do Departamento de Orientación (ver punto 6) seguindo o actual Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade, e a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

*ORIENTADOS Á DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.*

Os obxectivos encamiñados á dinamización lingüística están recollidos no actual Plano de Normalización, integrado no Proxecto Educativo. Basearase na mesma temática na que centralizará todas as actividades do centro promovidas desde o equipo de biblioteca. Este será o eixo principal sobre o que versarán as actividades complementarias que se propoñan desde a escola.

*ORIENTADOS A UNHA ENSINANZA DE CALIDADE E A MELLORA DE COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.*

*a) estimulación da linguaxe oral e escrita*

- Formar a linguaxe oral e escrita do noso alumnado nos primeiros anos da escolaridade (Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria).
- Prever, estimular e intervir no desenvolvemento da linguaxe.
- Ampliar o vocabulario, estimulando tanto a creatividade como a súa capacidade de escoitar e expresión.

*b) fomento da lectura, formación de usuarios e educación no acceso á información.*

Encadramos neste obxectivo todas as actividades relacionadas coa Técnica lectora e a Animación á Lectura dentro das distintas programacións, así como na do Plan de biblioteca, no Plan de lectura e na do Plano de introdución das tecnoloxías da información e a comunicación.

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura e o desexo de ler.
- Adquirir unha lectura eficaz.

P.X.A.

- Fomentar nos alumnos habilidades documentais.
- Introducir os alumnos nas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).

*c) desenvolvemento das competencias básicas e competencias clave*

No centro continuarase a traballar no fomento das diferentes competencias na educación infantil e primaria, prestando especial atención á competencia matemática e a compresión lectora , a través das distintas áreas e materias para intentar acadar que o alumnado sexa o mais competente posible.

*d) desenvolvemento das capacidades artísticas e a creatividade*.

Deseñaranse actividades enriquecedoras do proceso ensinanza - aprendizaxe do alumnado baixo a supervisión do Claustro, ben organizadas polo mesmo Centro (audicións musicais, audiovisuais, decoración do Colexio, dramatizacións e actuacións musicais…); ben en colaboración coa ANPA, Concello ou outros grupos/entidades (obradoiros, visitas e actuacións dramático – musicais …).

*e) potenciación das TIC's*

Nas circunstancia actuais a potenciación das novas tecnoloxías adquire unha maior transcendencia no proceso de ensino-aprendizaxe.

O profesorado, preferentemente a través da aula virtual do centro, determinara as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua. No mes de setembro presentarase o alumnado a súa aula virtual, comunicándoselles os contrasinais de acceso e introducíndoos no seu manexo. Tamén se facilitará esta información ás familias para implicalas no uso de este recurso. O profesorado do Centro segue a ter á súa disposición a páxina web do centro e os blogues da biblioteca escolar e de dinamización lingüística.

En canto os recursos presentes no centro , as aulas dispoñen do equipamento necesario para o uso de paneis dixitais ou pizarras dixitais , a biblioteca ,dentro do proxecto do Plan de biblioteca , conta cun espazo dixital , así como a Aulanet e o seu material que seguirán a estar a disposición de todos para que, na medida do posible, poder introducir as novas tecnoloxías no proxecto educativo do Centro e na vida cotiá do alumnado.

P.X.A.

Continuando coa iniciativa comezada en cursos anteriores, traballarase na introdución da robótica e programación nas aulas a través da realización de obradoiros co alumnado. A tal fin reservase un espazo na aulanet para a realización destas tarefas cos módulos e equipamentos dispoñibles no centro.

Continuarase coa aplicación das proxecto de Polos Creativos, iniciadas no pasado e curso , e que baixo a coordinación da súa responsable no centro, levará a todo o alumnado as propostas de actividades que permitan empregar os recursos materiais proporcionados dentro deste proxecto.

*f) desenvolvemento de temas transversais.*

Diversas actividades coordinadas polo Claustro servirán para o traballo dos contidos transversais (O Magosto, Día da Paz, Día do Medio ambiente …); así mesmo, e como nos cursos pasados, establécese a finais do curso pasado en Claustro unha temática para traballar por todo o centro: " A alegría da horta".

Traballarase na implantación duns hábitos de comportamento saudables, insistindo na dieta alimentaria e no exercicio físico. Continuarase a traballar desde as titorías as merendas saudables e equilibradas.

Traballarase tamén o tema do coidado do medio ambiente e a súa conservación, manténdose un "punto verde" no centro e colaborando con distintos organismos e empresas na recollida selectiva de residuos. Incidirase na recollida e redución da cantidade de residuos xerados nas merendas diarias controlando a evolución ao longo do curso escolar.

*ORIENTADOS Á MELLORA DAS RELACIÓNS FAMILIA - ESCOLA.*

O obxectivo fundamental é producir unhas canles de comunicación e relación axeitadas das familias e o centro escolar. A través das comunicacións dos titores/as cos pais/nais unha vez ao trimestre, as entrevistas particulares de cada un dos pais co titor/a así como a animación ás familias a colaborar nos proxectos de Educación Medioambiental e outras actividades a realizar o longo do curso.

Continuarase coa utilización da aplicación Abalarmóbil nas relacións coas familias. A través desta vía tramitaranse as comunicacións, avisos e xustificación de faltas. As

P.X.A.

familias disporán da opción de solicitar as citas de titoría e xustificar as faltas do alumnado así como participar na mensaxería de aula , espazo no que se comunicarán as novidades de cada grupo.

Proseguirá neste curso a colaboración do equipo directivo coa ANPA nas actividades complementarias e extraescolares, así como naquelas tarefas que así o requiran.

# 4.Concreción e modificacións anuais do PE

Como en cursos anteriores continuarase a revisar e actualizar os distintos documentos que conforman o PE, adaptándoa ás novidades lexislativas e , especialmente coa aplicación da Lei 3/2020 de educación e os novos Decretos de currículo de infantil e primaria.

Como recolle o PE do centro, as modificacións que haxa que realizar no PE han de ser realizadas polo Concello Escolar a proposta dalgún dos seus membros, previamente informada a Comunidade Educativa. O procedemento ordinario para modificar o PE é o seguinte:

- Calquera membro da comunidade educativa, de xeito individual ou colectivo, poderá presentar iniciativas de modificación perante o órgano colexiado ou representante no consello escolar.
- Cada sector da comunidade educativa estudará e informará as iniciativas presentadas e as elevará a propostas de modificación.
- Tódalas iniciativas e propostas de modificacións han de ser entregadas e rexistradas na dirección do centro.
- O Consello Escolar será quen estude as propostas presentadas e resolverá realizar ou non a modificación no PE.

# 5. Tarefas extraescolares: pautas e criterios.

Segundo a disposición adicional terceira do Decreto 105/2014 do 4 de setembro a realización de tarefas extraescolares deben basearse nun entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo

P.X.A.

da etapa educativa, o respecto ao tempo de lecer, á conciliación da vida familiar e escolar e a responsabilidade do alumno na realización do seu traballo.

Tendo en conta estas pautas o Claustro do CEIP Joaquín Rodríguez Otero como órgano educativo decide seguir as seguintes pautas:

- Todos os alumnos/as presentan necesidades educativas que van das máis simples as máis específicas polo que a necesidade de completar as aprendizaxes que se realizan na escola tornase primordial para poder lograr unha aprendizaxe significativa e construtiva, posto que os grupos cos que nos atopamos nas aulas son moi heteroxéneos. Debido a isto en moitas ocasións consideramos oportuno e adecuado que continúen asentando na casa os contidos aprendidos na escola.
- As tarefas que se levan do centro en ningún caso son "obrigacións" senón recomendacións e consellos para completar as ensinanzas que se reciben no colexio e que , debido a escaseza de tempo para traballar as diferentes materias, permita unha axeitada consecución das competencias clave.

Porén, tendo en conta isto, a responsabilidade final de seguir as recomendacións e consellos de traballo  que desde a escola se presentan e das familias, sendo as tarefas e actividades propostas "necesarias e precisas" mais en ningún caso "obrigatorias".

# 6. Atención ao alumnado con NEAE: estratexias metodolóxicas e organizativas.

É manifesta  a necesidade de dar unha resposta inmediata a toda a diversidade do alumnado en canto esta sexa detectada , tanto nos resultados académicos como pola observación do  profesorado titor , outros docentes ou as familias. Esta intervención realizarase desde os principios de: normalización, compensación, igualdade, equidade, integración e inclusión.

O Departamentos de Orientación reforzará as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Por iso, a detección do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo  realizarase o

P.X.A.

mais cedo que sexa posible coa finalidade de previr desaxustes nas súas aprendizaxes e adoptar, canto antes, as medidas educativas axeitadas. Como recolle o Plano de Acción Titorial do noso centro, o profesorado titor debe exercer unha función fundamental posto que posúe os documentos precisos para realizar una actividade orientadora e titorial co seu alumnado.

Alén diso, a atención do alumnado con N.E.A.E. levarase a cabo en coordinación cos docentes do Centro e co Departamento de Orientación do I.E.S. Urbano Lugrís. Ademais, manterase relación ao longo do curso coas familias, tratando todos aqueles aspectos que afecten directamente ao alumnado con N.E.A.E.

As medidas educativas que se prevén no centro para atender ao alumnado con NEAE e, polo tanto, a toda a súa diversidade durante o curso 2024/25, consensúanse no Departamento de Orientación, que realizará o seu seguimento así como a súa avaliación. Todas estas medidas recóllense no Plano Xeral de Atención á Diversidade, atendendo o D.229/2011 que regula a atención á diversidade e a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Porén, a intervención educativa deseñarase en función do tipo de necesidades que presenten os nenos/as e da necesidade de realizar medidas de carácter ordinario, tendo en conta que o obxectivo que se persegue é o desenvolvemento e a formación integral do alumnado.

# 7. Organización pedagóxica do Centro

A organización, órganos de goberno e coordinación (e as súas atribucións); así como o funcionamento do Centro aparecen contemplados no N.O.F. (Decreto 374/ 1996).

Por ser un centro de cinco unidades , e tal como se recolle no Titulo III , Artigo 53.1: " *Nos centros con seis ou máis unidades existirán os seguintes órganos de coordinación docente :*

*a) Equipos de ciclo.*

P.X.A.

*b) Comisión de coordinación pedagóxica.*

*c) Equipo de normalización lingüística.*

*d) Equipo de actividades complementarias e extraescolares."*

Por motivos organizativos e de practicidade as funcións da comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística e equipo de actividades complementarias e extraescolares serán realizadas polo claustro baixo a coordinación dos respectivos coordinadores dos equipos.

## *ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN*

### Equipo Directivo

A Dirección do Centro foi nomeada pola Delegación de Educación o 1 de xullo de 2015 ata o 30 de xuño do 2019.Con data do 1 de xullo de 2019 recibiuse un novo nomeamento ata o 30 de xuño de 2023 , renomeándose por terceira vez con data do 1 de xullo de 2023 ata o 30 de xuño de 2027. No presente curso, polo aumento de unidades , realízase o nomeamento dunha secretaria ata o 30 de xuño de 2025.

O Equipo Directivo é o seguinte:

Director: Fernando Quintela Cuiña

Secretaria: Jessica Vázquez Cotelo

No presente curso académico, o Equipo Directivo terá o seguinte horario para as súas funcións:

- Director: 7 sesións de redución horaria.

- Secretaria: 4 sesións de redución horaria.

As competencias do Equipo Directivo son as establecidas no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria no seu Título II, capítulo II, artigo 14.2 : " *Nos centros con seis ou sete unidades haberá director e secretario. O director asumirá as funcións do xefe de estudios."*

P.X.A.

## Consello Escolar

Como se recolle no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97) , a nova composición atenderá ao recollido no Capitulo III :

*" Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións deles: O consello escolar.*

*3. Centros de seis ou sete unidades.*

*a) O director, que será o seu presidente.*

*b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.*

*c) Tres mestres elixidos polo claustro.*

*d) Tres representantes dos pais de alumnos.*

*e) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto."*

### *COMPOSICIÓN A 1 DE SETEMBRO DE 2024*

| | |
|---|---|
| Presidente: | Fernando Quintela Cuiña. |
| Representantes do Profesorado: | Vacantes por cambio de destino dos docentes. |
| Representantes das familias: | Rebeca María Suárez Martínez. |
| Representante nomeada pola A.N.P.A: | Cristina Vila Calvete. |
| Representante nomeado polo Concello: | Noelia Freijeiro Novo. |

O Consello Escolar reunirase preceptivamente unha vez por trimestre, e sempre que se considere preciso.

### Comisións.

### Comisión Económica:

Presidente: Fernando Quintela Cuiña.

Representante profesorado: Vacante por cambio de destino do docente.

Representante pais/nais: Cristina Vila Calvete.

A Comisión Económica reunirase nas mesmas datas que o Consello Escolar de forma previa, para tratar temas de tipo económico, e sempre que se considere preciso.

### Comisión de Convivencia

No curso 2007-08, seguindo as instrucións contempladas no Decreto 85/ 2007, do 12 de Abril, creouse no noso centro o Observatorio de Convivencia. Atendendo o recollido no Artigo 35 da Ley Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a la infancia y la adolescencia fronte a la violencia , no curso 2022/23 procedeuse o nomeamento de Dna. Montserrat Martínez Gómez como coordinadora de benestar e protección do centro , asumindo a función de Dinamizadora de Convivencia , coordinando o desenvolvemento dos programas e iniciativas de coeducación . A comisión funcionou habitualmente dentro do Consello Escolar.

A constitución da comisión é a seguinte:

Director: Fernando Quintela Cuiña.

Orientadora e coordinadora de benestar e convivencia: María Montserrat Martínez Gómez.

Representantes do profesorado: Vacante por cambio de destino do docente.

Representantes dos pais: Rebeca María Suárez Martínez.

Persoal non docente: Vacante non cuberta polo Concello.

A comisión reunirase unha vez por trimestre, e sempre que se considere necesario.

### Outras comisións

Atendendo ao número de membros que forman o Consello Escolar deste centro, decidiuse que as Comisión de Biblioteca e a Comisión de Libros de texto se realicen dentro do pleno do Consello Escolar.

P.X.A.

De ser o caso , para a Comisión de Biblioteca contarase coa presenza do coordinador do Plan de biblioteca de centro.

### ÓRGANOS ACADÉMICOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

#### Claustro de Profesores

Tal como se sinalou anteriormente  o claustro asume as funcións da comisión de coordinación pedagóxica ( CCP ) , equipo de dinamización e normalización lingüística ( EDNL ) e equipo de actividades complementarias e extraescolares ( EACE ) actuando conxuntamente baixo a coordinación dos respectivos coordinadores.

Para atender estas novas funcións e facilitar a coordinación docente realizaranse reunións mensuais, aumentándose o número de reunións sempre que se considere necesario. A data de celebración fixarase segundo as necesidades e preferentemente nos luns en horario de 17:00 a 18:00. De ser precisa a celebración dun claustro outro día, e que esta interferise noutras actividades previamente establecidas, adoptaranse as medidas oportunas para readaptar a organización xeral do centro a fin de que se realicen todas as actividades programadas.

A adscrición do profesorado realizouse, de acordo coa Orde do 22 de xullo de 1997 e a Disposición adicional cuarta da Orde do 8 de xuño de 2015, en sesión de Claustro do día 3 de setembro de 2024.

#### Equipos de Ciclo

## EDUCACIÓN INFANTIL

| | | | |
|---|---|---|---|
| Fernando Quintela Cuiña | 3281000802 A0597 | 4º EI | P. Def. |
| Jessica Vázquez Cotelo (coordinadora) | 5330700424 A0597 | 5º/6º EI | P. Def. |

## Apoio no ciclo

O Centro conta con dous mestres de educación infantil, sendo un deles o director do centro e o outro a secretaria. No ciclo imparten tamén docencia os mestres

P.X.A.

especialistas en Educación Física , Educación Musical, Lingua Inglesa e Relixión, e a PT en dúas sesións de estimulación da linguaxe oral.

### *Adaptación do alumnado de 3 anos e de nova incorporación*

O programa do Centro, seguindo o recollido no punto 4 do Artigo 4 da Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, propuxo ás familias do alumnado que se incorporou o 4º nivel de educación infantil unha incorporación progresiva o centro escolar , os tres primeiros días en horario de 10:30 a 12:40 , incorporáronse no horario xeral do centro a partir do día 16 de setembro. O período de adaptación desenvolveuse con normalidade.

Esta proposta, presentada ás familias na reunión inicial realizado o día 4 de setembro , busca facilitar unha entrada mais tranquila e individualizada do alumnado o centro escolar , e proporcionarlle a oportunidade de adaptarse o entorno escolar e os novos tempos e espazos dun xeito progresivo. Durante este tempo o titor do grupo contará co apoio da mestra de PT/AL para atender ás necesidades de atención do novo alumnado. Estas medidas foron acordadas no claustro celebrado o día 3 de setembro.

Neste curso escolar incorpóranse 7 nenos e nenas a 4º de Educación Infantil.

No presente curso escolar tamén se produciu a incorporación de alumnado en 1º, 2º e 3º de Educación Primaria. Durante as primeiras semanas, tal como se acordou no claustro inicial, o profesorado realizou un seguimento da súa adaptación o centro, tanto nas actividades de aula como nos tempos de recreo.

P.X.A.

## 1º CICLO

- Dna. Sara Fernández Precedo (coordinadora) 4590633935 A0597 E. Musica. P.Def.
- Dna. Ainhoa García Felípez PT/A P.prov.
- Dna. Saray Remuiñán Seoane. 1º EP P.prov

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas en Lingua Inglesa, Educación Fisica e Relixión.

## 2º CICLO

- D. Alberto García Pérez (coordinador), 4690669757 A0597 4º EP P.Prov.
- Raquel Cousillas García 5330356024 A0597 2º/3º EP P. Def. ( baixa)
- Raquel Touriñán Lemus S59EC7GA2453011 2º/3º P. substituta
- Alicia Anta Rodríguez 7152928268 A0597 Inglés P. Prov.

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas en Educación Física , Educación Musical e Relixión.

## 3º CICLO

- María Suárez Vilar (coordinadora) 5º/6º EP P. Prov.
- Ana Alvarellos Figueroa 4737039157 A0597 EF P.Def.

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas en Educación musica, Lingua Inglesa e Relixión.

## Departamento de Orientación

Os membros do departamento de Orientación do centro son:

María Montserrat Martínez Gómez: Xefa do Departamento

Dna. Ainhoa García Felípez: Pedagoxía terapeútica / Audición e linguaxe

Todos aqueles mestres convocados para tratar cuestións específicas.

As reunións serán:

- Semanais: para os membros do Departamento , os xoves de 13:50 a 14:40 para favorecer a coordinación e aplicación das medidas de atención.

- Mensuais: para os membros do Departamento . Realizaranse todas aquelas reunións extraordinarias que se consideren precisas convocadas pola Orientadora.

As actividades propostas por este Departamento estarán organizadas e coordinadas polo Claustro.

P.X.A.

## Equipo de Biblioteca

Seguindo as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa biblioteca escolar para o curso 2024/25 , e coa intención de converter a biblioteca no motor que desenvolva os proxectos e actividades desenvoltas no centro , este equipo aglutinará as tarefas e propostas que desde os restantes equipos se lle acheguen , coordinando as súas accións con todos os equipos a través das reunións precisas que se realizarán conxuntamente.

Este equipo de biblioteca estará integrado por todo o claustro, o cal asumirá a realización do Plan de biblioteca de centro.

# 8. Planos de Actuación

O Centro, así como o traballo do profesorado, organízase respectando a autonomía de cada mestre para levaren a cabo as súas programacións, actividades, gastos, responsabilizándose da necesaria coordinación o Claustro do centro .

### Equipo Directivo.

Este Equipo Directivo ten a intención de continuar coas liñas de traballo básicas desenvoltas nos cursos anteriores , e buscando atender todas aquelas demandas que se presenten desde a comunidade educativa. Continuaremos coa revisión e actualización dos documentos de centro para a súa adaptación á lexislación vixente.

Alén dos labores administrativo – organizativos e de coordinación e dinamización das actividades programadas para este curso, o equipo directivo atenderá:

- Á elaboración , adaptación e coordinación dos diferentes Proxectos e Documentos de centro.
- Coordinar o Plan Dixital de Centro.
- Á xestión e supervisión do servizo de Comedor, a través da labor do director e do Consello Escolar.

P.X.A.

- Á xestión do Programa de gratuidade solidaria de libros de texto e material para Educación Primaria.
- Á supervisión do Plano de Autoprotección.
- Á supervisión do uso do programa XADE-WEB para a xestión titorial.
- Á actualización do inventario polo XADE do Centro.
- Á colaboración, apoio e supervisión na posta en práctica do Plan de biblioteca "A alegría da horta".
- Á coordinación da aplicación das tabletas Snappet en primaria.
- Á avaliación, en colaboración co claustro, dos proxectos e acordos vixentes no noso Centro para a súa renovación ou cambio como os contrato-programa , Plan de biblioteca...
- Á coordinación cos centros de Infantil , Primaria e Secundaria do Concello.
- Á potenciación das celebracións, segundo as posibilidades, das conmemoracións suxeridas no calendario escolar da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Á continuación das xestións ante o Concello e a Xefatura Territorial para a mellora das infraestruturas do centro.
- Potenciación das dinámicas de mediación escolar para a mellora da convivencia escolar.
- Supervisión do funcionamento do equipo ACAE, e das medidas de prevención, detección e o tratamento do acoso e ciberacoso.

### Claustro.

O traballo específico para este curso será:

- Coordinar a execución e revisión dos documentos de centro.
- Establecer pautas de actuación para a coordinación docente nos distintos niveis

P.X.A.

educativos.

- Organizar as propostas da presente Programación e coordinar a realización das actividades organizadas polo Departamento de Orientación.

As diferentes Comisións estarán coordinadas pola Claustro e estarán formadas polos seguintes membros:

***Comisión para realizar a elaboración do PLAN DE IGUALDADE de Centro:***

- O director.
- Ocasionalmente ,outros membros do claustro que a comisión considere.

***Comisión para realizar a actualización do PROXECTO LINGÜÍSTICO de Centro:***

- O director.
- Ocasionalmente ,outros membros do claustro que a comisión considere.

***Comisión para a actualización do Proxectog Lector, Plan de lectura , Plan de biblioteca e Plan Dixital***

- Claustro.

Equipo de mestres.

O seu plano de traballo implicará:

- Adaptar o Currículo á realidade social do Centro.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Determinar a través da Aula Virtual os contidos a traballar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.
- Concretar nos respectivos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.
- Continuar co coidado e conservación do Centro , contribuíndo á limpeza periódica e ao mantemento do patio e demais instalacións.
- Continuar co programa de reciclaxe de papel, pilas, aceite dentro do Plano Medioambiental do Centro.

P.X.A.

- Colaborar nas actividades que se programen relacionadas coas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente e Fin de curso.
- Participar nas conmemoracións marcadas no calendario escolar 2024/25 dentro dunha liña coordinada e coherente.
- Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.

### Departamento de Orientación

As actuacións a desenvolver polo Departamento de Orientación o presente curso lectivo 2024/25 van encamiñadas a ofrecer unha resposta educativa axeitada ás características e necesidades desta comunidade educativa; isto é, ao alumnado, profesorado e familias, facendo especial fincapé na atención á diversidade. Proporcionaran asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa practica educativa telemática na atención a diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación a situación do momento.

As etapas educativas ás que vai dirixido o Plan de Orientación e a concreción anual do Plan de atención á diversidade son as de Educación Infantil e Educación Primaria. Preferentemente, as intervencións centraranse nas idades máis temperás como medida de prevención primaria.

### PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN XERAL.

O Departamento de Orientación dará prioridade durante o curso lectivo 2024/25 ao establecido pola lexislación vixente axustándose ás características e necesidades da comunidade educativa. As accións prioritarias deste Departamento de Orientación son as que seguen:

- Colaborar na elaboración dos plans de recuperación e reforzo para aquel alumnado que presente algunha necesidade educativa e/ou emocional.
- Prevención de problemas de desenvolvemento e/ou dificultades de aprendizaxe.
- Atención a toda a diversidade, especialmente incidindo na prevención e identificación temperá de necesidades educativas específicas de apoio educativo.

P.X.A.

- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta necesidades.
- Asesoramento e colaboración no ámbito das competencias do Departamento de Orientación na elaboración do Proxecto Educativo e, de ser o caso, aqueloutros documentos do centro que o precisen.
- Asesoramento no desenvolvemento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, facendo fincapé na incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, desenvolvemento da autoestima…Así como deseñar, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na procura dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas.
- Revisión e desenvolvemento do Plan de Orientación e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
- Asesoramento, participación e colaboración coa Comisión de Convivencia.
- Colaboración e coordinación co profesorado, especialmente co do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración coas familias e fomento da participación e implicación na educación dos seus fillos e fillas.
- Colaboración cos recursos externos.
- Emprego e difusión das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

No Anexo VII recóllese completo o Plan de orientación do centro.

P.X.A.

# 9. Xornada escolar, quendas e horarios do centro.

O noso calendario escolar baséase na orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo , ten moi presente a Orde de 23 de xuño de 2011 que regula a xornada de traballo do persoal docente , e que establece novas obrigas e modificacións nos horarios

para atender ao alumnado usuario do transporte escolar e a Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria.

É criterio de esta dirección que toda a organización horaria docente procure a mellor atención ás necesidades do alumnado e a maior equidade no reparto da carga do traballo realizado polos docentes ( docencia, participación na realización das actividades complementarias , actividades de innovación, gardas e atención o alumnado...) para garantir o mellor funcionamento do centro.

Á espera de que sexan aprobados polo Consello Escolar, o Claustro de profesores acordou solicitar como días de libre disposición os días 4 de novembro de 2024 e 2 de maio de 2025.

A xornada escolar do noso centro divídese en cinco sesións de 50 minutos e un recreo de 30 minutos. Seguimos este curso escolar coa realización da "hora de ler" , cunha duración de 20 minutos, recollido o inicio da 4ª sesión da xornada.

| HORARIO DA XORNADA LECTIVA | | |
|---|---|---|
| **SESIÓNS** | **HORAS** | **DURACIÓN** |
| 1ª | 9:40 – 10:30 | 50´ |
| 2ª | 10:30 – 11:20 | 50´ |
| 3ª | 11:20 – 12:10 | 50´ |
| RECREO | 12:10 – 12:40 | 30´ |
| Hora de ler | 12:40 – 13:00 | 20´ |
| 4ª | 13:00 – 13:50 | 50´ |
| 5ª | 13:50 – 14:40 | 50´ |

A atención ao alumnado transportado realizarase en quendas recollidas no anexo I. Esta organización , prevé a anticipación en 10´ sobre o horario de entrada , e outros 10´ no horario de saída , da presenza de dous docentes que realizarán as funcións de garda ata o momento da entrada ás aulas e a saída no transporte escolar. O tempo dedicado

polos docentes a esta tarefa será contado semanalmente dentro das horas lectivas de presencia en centro durante a xornada escolar , tal e como se recolle na Orde do 23 de xuño de 2011 , quedando reflectido no horario individual de cada docente.

As quendas de patio están divididas segundo a etapa educativa, infantil ou primaria, tal e como se contempla no anexo I. Do mesmo xeito, os horarios de uso das instalacións da biblioteca e informática por parte do profesorado están recollidos no anexo IV.

Con respecto aos horarios dos distintos niveis educativos do centro (axuntados no anexo IV), os criterios seguidos, dentro da medida do posible, para a elaboración dos mesmos no presente curso foron os seguintes:

## Educación Infantil:

- Posúe unha distribución horaria flexible, polo carácter globalizado do modelo curricular desta etapa. Inclúense actividades que permiten respectar os ritmos de aprendizaxe, de xogo e de descanso do alumnado.

- Facilitar a dispoñibilidade horaria por parte do director e da secretaria para desempeñar as funcións propias dos seus cargos , aproveitando a dispoñibilidade horaria dos docentes e as actividades a realizar atendendo ás necesidades do alumnado.

## Educación Primaria:

- Distribución racional das distintas áreas ao longo da semana.

- Atender ás necesidades do alumnado.

- Conseguir o maior equilibrio posible en canto ás horas de docencia directa de maneira que todos os profesores/as teñan aproximadamente o mesmo número de sesións.

- Coordinar a presenza do profesorado compartido co CEIP Milladoiro , para optimizar a súa presenza efectiva na atención ás necesidades do alumnado e favorecendo a atención ás necesidades do centro.

P.X.A.

# 10. Programacións e calendarios

Todas as reunións do Centro serán os luns no horario de tarde.

O profesorado terá, adaptándose á Orde de 23 de xuño de 2011 que regula a xornada de traballo do persoal docente e o recollido na Instrución 2/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria que regula o recollido na Resolución do 10 de xaneiro de 2024 na que se dá publicidade o o Acordo entre a Consellería e as organizacións sindicais e que supón que a xornada semanal dos docentes terá 23 horas lectivas presenciais , e 5 horas máis que dedicarán a actividades do centro educativo tamén presenciais para atender as seguintes funcións :

- luns, de 16:00 a 17:00 , atención os pais/nais.

- luns, de 17:00 a 19:00 h., reunións previstas de coordinación docente, Claustro, Consello e sesións de avaliación (ver anexo II).

- martes a venres, de 16:00 a 18:00 h., quendas de permanencia no centro para reunións de coordinación docente e atención durante o horario das actividades extraescolares.

P.X.A.

## Órganos de goberno e participación

As reunións dos órganos de goberno e de participación realizaranse prescritivamente unha vez por trimestre, podéndose reunir as veces que sexan precisas, tal e como se observa no anexo I. Os órganos de goberno unipersoais teñen o seu horario de atención ao público de 13:00 a 13:50 horas.

## Órganos de coordinación docente

As reunións dos equipos de coordinación pedagóxica serán mensuais.

Alén diso, funcionan Equipos de traballo e de ciclo , que coordinan e organizan a maioría das actividades que se realizarán no colexio ao longo do presente curso. Estes equipos reuniranse cunha periodicidade mensual. (Pódense ver no anexo I)

# 11. Participación do profesorado en programas de innovación educativa.

O Profesorado deste Centro ten previsto participar nas seguintes actividades, independentemente das actividades de formación individuais:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares: "A alegría da horta".
- Participación nos Contratos- Programa Inclúe 2024/25 nas modalidades:
  - IGUÁLA-T
  - CONVIVE-T
  - INCLÚE-T
  - EMOCIÓNA-T
- Participación no PFPP para o curso 2024/2025 , recollida no itinerario das iniciativas formativas dos Polos Creativos e o ámbito STEM.
- Aplicación da plataforma Snappet nos grupos de 4° , 5° e 6° de E.P
- Proxecto de educación emocional , realizado baixo a coordinación da coordinadora de benestar do centro coa participación de todo o claustro e ten como obxectivo traballar a educación emocional dunha forma global nas diferentes especialidades e áreas cunha temporalización quincenal o longo do curso.

# 12. Plan de potenciación da lingua galega.

O Claustro velará pola aplicación do proxecto lingüístico de centro. As liñas xerais do plano de potenciación da lingua galega baséanse nos seguintes aspectos:

*Con respecto ao profesorado:*

- Conseguir que o galego sexa o idioma de difusión da cultura.
- Mellorar o nivel de galego do profesorado.
- Potenciar o uso de recursos e materiais en galego, prestando especial atención ás tecnoloxías da información e comunicación.

P.X.A.

- Garantir o galego coma fonte de información e como medio de expresión.
- Afondar no coñecemento da nosa cultura.

*Con respecto ao alumnado:*

- Potenciar a valoración do galego como idioma propio, rico e como sinal de identidade.
- Fomentar o gusto e o hábito lector na nosa lingua.
- Potenciar o mantemento da actitude positiva cara a lingua galega.
- Potenciar a identidade das nenas e nenos coa súa comunidade.
- Aumentar o coñecemento do arte, historia, literatura e tradición popular.
- Familiarizarse co uso dos diversos recursos dixitais por medio de procesadores de textos, navegadores na rede, editores de fotos, escaneado de imaxes, etc..., fomentando o uso das NNTT na lingua galega.
- Estimular o uso da lingua galega nas distintas actividades artísticas:
    - Creación literaria
    - Actividades plásticas
    - Actividades audiovisuais

*Con respecto ao resto da comunidade educativa:*

- Mellorar a calidade do uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da comunidade educativa, co fin de reafirmalo como lingua de uso habitual por parte de tódolos órganos do centro en tódalas súas actividades.
- Participar nas manifestacións culturais do noso contorno.
- Procurar a superación de prexuízos cara ó noso idioma, fomentando unha actitude positiva fronte á galeguización do centro e da sociedade en xeral.

Co fin de acadar os obxectivos arriba formulados, dende o centro desenvolveranse unha

P.X.A.

serie de actividades que permitan esta potenciación da lingua galega. Entre elas, cabe destacar:

- Lecturas compartidas en galego e celebración de datas relacionadas coa literatura galega. Exemplos: Día de Rosalía, Semana da Prensa, Semana das Letras Galegas, Día das Artes Galegas...
- Celebración de tradicións populares de Galicia e traballo na aula sobre elas, incluíndo o vocabulario referente. Exemplos: Magosto, Samaín, Entroido, Mallos...
- Inclusión nas sesións de aula de actividades de tradición oral da contorna. Exemplo: cantigas, lendas, cancións populares...
- Saídas á contorna de interese didáctico e de vinculación á cultura galega e ao patrimonio que nos arrodea. Exemplo: práctica de olaría, visita aos museos próximos, etc.
- Convite ao centro de persoas galegofalantes que promovan actividades en esta lingua e que lles permita observar ao alumnado a oferta cultural que existe na nosa lingua.
- Participación en certames culturais en lingua galega, dependentes da Consellería de Educación ou doutras institucións que se poñan en contacto co centro.

# 13. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro.

No presente curso é de aplicación a ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar . Nesta orde recóllese o reparto , entre o alumnado solicitante, dos libros de texto pertencentes ao Fondo de libros do centro e a compra dos volumes precisos para atender as necesidades do alumnado.

P.X.A.

| Curso e etapa | Área/ materia | Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|
| 1º<br>Ed. Primaria | Lingua Galega | LINGUA 1º CONSTRUÍNDO MUNDO (1-2)<br>OBRADOIRO.2022. ISBN: 978-84-9185-532-3<br>LINGUA 1º LECTOESCRITURA CONSTRUÍNDO MUNDOS (1-1)<br>OBRADOIRO.2022.ISBN: 978-84-9185-399-2 | Galego |
| 1º<br>Ed. Primaria | Lingua Castelá | LENGUA CASTELLANA 1º<br>PRIMEROS PASOS PAUTA<br>CONSTRUYENDO MUNDOS.<br>SANTILLANA2022.<br>ISBN: 978-84-680-7160-2 | Castelán |
| 1º<br>Ed. Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 1º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA.<br>SANTILLANA. 2022<br>ISBN : 978-84-680-7131-2 | Castelán |
| 1º<br>Ed. Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 1º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-414-2 | Galego |
| 1º<br>Ed. Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 1º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS.<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-411-1 | Galego |

P.X.A.

| Curso e etapa | Área/ materia | Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|
| 2º Ed.Primaria | Lingua Galega | LINGUA 2º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023.<br>ISBN: 978-84-9185-675-7 | Galego |
| 2º Ed.Primaria | Lingua Castelá | LENGUA 2º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN: 978-84-144-0762-2 | Castelán |
| 2º Ed.Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 2º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN : 978-84-144-0763-9 | Castelán |
| 2º Ed.Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 2º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-696-2 | Galego |
| 2º Ed.Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 2º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-694-8 | Galego |

P.X.A.

| Curso e etapa | Área/ materia | Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|
| 3º Ed.Primaria | Lingua Galega | LINGUA 3º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-409-8 | Galego |
| 3º Ed.Primaria | Lingua Castelá | LENGUA 3º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2022<br>ISBN: 978-84-680-7201-2 | Castelán |
| 3º Ed.Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 3º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2022<br>ISBN : 978-84-680-7136-7 | Castelán |
| 3º Ed.Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 3º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-416-6 | Galego |
| 3º Ed.Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 3º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-410-4 | Galego |

P.X.A.

| **Curso e etapa** | **Área/ materia** | **Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN** | **Lingua da edición** |
|---|---|---|---|
| 4º Ed.Primaria | Lingua Galega | LINGUA 4º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023.<br>ISBN: 978-84-9185-705-1 | Galego |
| 4º Ed.Primaria | Lingua Castelá | LENGUA 4º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN: 978-84-144-0738-7 | Castelán |
| 4º Ed.Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 4º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN : 978-84-144-0769-1 | Castelán |
| 4º Ed.Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 4º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-698-6 | Galego |
| 4º Ed.Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 4º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-692-4 | Galego |

P.X.A.

| Curso e etapa | Área/ materia | Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|
| 5º Ed.Primaria | Lingua Galega | LINGUA 5º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-412-8 | Galego |
| 5º Ed.Primaria | Lingua Castelá | LENGUA 5º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2022<br>ISBN: 978-84-680-7200-5 | Castelán |
| 5º Ed.Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 5º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA<br>SANTILLANA.2022<br>ISBN : 978-84-680-7140-4 | Castelán |
| 5º Ed.Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 5º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-415-9 | Galego |
| 5º Ed.Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 5º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2022<br>ISBN: 978-84-9185-407-4 | Galego |

P.X.A.

| **Curso e etapa** | **Área/ materia** | **Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN** | **Lingua da edición** |
|---|---|---|---|
| 6º Ed.Primaria | Lingua Galega | LINGUA 6º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023.<br>ISBN: 978-84-9185-727-3 | Galego |
| 6º Ed.Primaria | Lingua Castelá | LENGUA 6º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN: 978-84-144-0747-9 | Castelán |
| 6º Ed.Primaria | Matemáticas | MATEMÁTICAS 6º<br>CONSTRUYENDO MUNDOS<br>SANTILLANA.2023<br>ISBN : 978-84-144-0772-1 | Castelán |
| 6º Ed.Primaria | Ciencias Sociais | CIENCIAS SOCIAIS 6º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-693-1 | Galego |
| 6º Ed.Primaria | Ciencias da Natureza | CIENCIAS DA NATUREZA 6º<br>CONSTRUÍNDO MUNDOS<br>OBRADOIRO.2023<br>ISBN: 978-84-9185-669-6 | Galego |

P.X.A.

# 14. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

O presente programa anual , baixo a coordinación da Coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, actuará a través do Claustro do centro.

## Obxectivos

- Coordinar cada unha das actividades acordadas.
- Programar actividades para as conmemoracións.
- Colaborar no desenvolvemento das festas tradicionais organizadas polo centro educativo.
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa nas actividades propostas.

## Celebracións

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

– 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.

– 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

– 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

– A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

– 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

– 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.

– 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

– 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.

– 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.

– 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

– A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.

– 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.

P.X.A.

– 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.

– A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.

– 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

– 9 de maio de 2025: Día de Europa.

– A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.

– 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

Na/nas data/s elixida/s polo centro no calendario de celebracións internacionais relacionadas coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: conmemoracións para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

## Saídas e actividades:

As saídas e actividades serán planificadas e realizadas baixo a responsabilidade do claustro de profesores.

Procurarase optimizar as viaxes para reducir o custe de transporte. Salvo excepcións derivadas do custo das entradas , o centro asumirá o gasto da actividade para así poder facilitar que todo o alumnado participe nas saídas didácticas.

O primeiro de todo hai que facer referencia a que ditas actividades sempre responden a **aspectos didácticos, lúdicos e de interese educativo** para o alumnado do centro. Procurarase optimizar as viaxes para reducir o custe de transporte. Salvo excepcións derivadas do custo das entradas , o centro asumirá o gasto da actividade para así poder facilitar que todo o alumnado participe nas saídas didácticas.

Podemos clasificalas en: **saídas, actividades de convivencia** entre o alumnado e **obradoiros.**

No momento de elaboración da PXA as actividades xa fixadas (sempre en consenso coa dirección do centro e expostas en claustro) son as seguintes:

Na data de elaboración de esta PXA as actividades programadas son as seguintes:

**<u>AFUNDACIÓN.</u>**

**Infantil:**

**Teatro de monicreques (2º trimestre).**

Obxectivo: traballo e despertar das emocións e empatía nos nenos/as.

**Primaria:**

**- 1º/2º/3º**

**Teatro de Ninja (1º trimestre).**

Obxectivo: abordaxe do acoso escolar e a diversidade.

**- 4º**

**Concerto, "A sinfonía do cambio" (2º trimestre).**

Obxectivo: conciencia, traballo da música e sons a partir de materiais reciclables.

**- 5º/6º**

**Teatro, "O mundo está roto pero pódese camiñar" (1º trimestre).**

Obxectivo: traballo das emocións, os sentimentos, a perda e a familia.

**Teatro "Funny, Frankenstein" (2º trimestre).**

Obxectivo: traballo da lingua estranxeira a través do teatro, unha obra que aborda temas actuais como a igualdade de xénero.

**-PALACIO DA ÓPERA.**

Concerto para Educación Infantil: "Yau , Lluvia de emociones".

Concerto para 1º,2º e 3º de Educación Primaria: " La máquina del tiempo 2ª parte: ¡ Salvando el futuro!

Concerto para 4º , 5º e 6º de Educación Primaria: "Pangea".

**-OBRADOIROS E ACTIVIDADES ARTÍSTICAS/CREATIVAS.**

O alumnado do centro levará a cabo unha serie de obradoiros da man de profesionais vinculados coa escritura, o deseño, a creatividade, ... relacionado con valores e aspectos educativos (o xogo, a igualdade, a violencia de xénero etc.).

-

**-SURF NA ESCOLA.**

O levarán a cabo todos os cursos de infantil e primaria do centro **(3º trimestre).** Haberá varias sesións, unha delas será na propia escola (explicación de aspectos teóricos, achegamento ao mar e aos seus coidados, respecto polo medio mariño, práctica do surf fora do mar, etc.).

A segunda sesión será na escola de surf de Malpica onde se fará unha sesión de surf no mar e outras actividades na praia (recollida de lixo, por exemplo).

P.X.A.

A programación de saídas e actividades escolares fica aberta a propostas que se consideren apropiadas para un mellor desenvolvemento das programacións educativas (teatro, exposicións...) e segundo foren as condicións sanitarias do momento.

## Actividades:

Coa finalidade de acadar os obxectivos propostos relacionados coa lingua galega, propoñemos as seguintes actividades para o curso 2024/25, que nos permitirán imprimir rapidez e intensidade ao proceso de normalización da lingua galega, nos distintos ámbitos educativos e cotiás do conxunto de membros que conformamos a comunidade educativa.

| Actividade | Estratexias que se desenvolverán |
|---|---|
| **Celebración do Samaín** | - Exposición de cabazas terrroríficas adornadas polo alumnado , axudados polas familias.<br>- Lecturas sobre o Samaín e contacontos. |
| **Celebración do Magosto** | - Degustación de castañas na celebración do Magosto.<br>- Celebración de xogos populares . |
| **Celebración do Nadal** | - Exposición e concurso de postais de Nadal.<br>- Obradoiro de adornos de Nadal. |
| **Celebración do Entroido** | - Elaboración dos mandadiños.<br>- Elaboración de espantallos de entroido.<br>- Desfile de disfraces. |
| **Celebración da semana cultural das Letras Galegas** | - Traballo e aprendizaxe sobre o Cancioneiro popular galego , homenaxeado nas Letras Galegas 2025.<br>- Recompilación de materiais durante o curso sobre o Cancioneiro. |

## Actividades extraescolares:

A proposta de actividades a realizar no presente curso nas instalacións do centro en horario de 16:00 a 18:00 horas dos días lectivos é a realizada pola ANPA Xaviña e o Concello de Malpica de Bergantiños.

A proposta do concello é a seguinte:

Actividades culturais:

- Animación teatral ( de outubro a maio)
  Xoves , de 16:00 a 17:00 (6 – 12 anos)
- Arte : ( de outubro a maio)
  Luns , de 16:00 a 17:00 (3 – 6 anos)
  Luns , de 17:00 a 18:00 (7 – 12 anos)
- Obradoiro de robótica (de outubro a maio)
  Mércores , de 16:30 a 17:30 (4 – 12 anos)

Actividades deportivas:

- Patinaxe: xoves (17:00-17:55).

As actividades propostas pola ANPA Xaviña aparecen recollidas no apartado 19 desta programación.

Queda aberta a posibilidade de realizar outras actividades dirixidas o alumnado do centro sempre que non interfiran nas actividades xa programadas. As propostas dirixiranse á dirección do centro que as presentará ante o Consello Escolar.

## Plan de biblioteca

Dende o centro e, máis concretamente, dende a biblioteca escolar, queremos que o alumnado se ilusione e viaxe polas aventuras que pode vivir nos libros, que encontre resposta ás súas preguntas a través deles, que se interese polos coñecementos que pode atopar e que vexa a lectura como unha forma de ocio e lecer. Tamén procuramos que vexa a biblioteca como un recuncho no que pode atopar outros materiais (bibliográficos, audiovisuais, tecnolóxicos, sensoriais e lúdicos), así como un lugar de encontro (obradoiros, contacontos, visita de escritores ou ilustradores, festivais, teatro, torneos…).

P.X.A.

Tamén temos por obxectivo que os discentes perciban os libros como un pequeno tesouro que hai que coidar e protexer. Para iso, sendo coherentes con unha educación sostible, partimos de non empregar plásticos para forrar os exemplares. Iso implica partir de que os máis pequenos adquiran pequenas responsabilidades, aprendendo a facer bo uso deles; e que os máis maiores (biblioaxudantes) sexan os modelos, guías e puntos de apoio para que isto se cumpra. Tamén promoveremos que as familias se coordinen con nós nese reto dende os propios fogares, facilitando así a coordinación familia - escola.

## OBXECTIVOS

Seleccionamos unha serie de obxectivos para desenvolver no curso escolar, aínda que temos en conta que algúns deben ser continuados en cursos posteriores:

- Axudar ao desenvolvemento do currículo en canto á mellora das competencias clave do noso alumnado de maneira coordinada e desenvolvendo o plan de lectura do centro.
- Integrar a nosa Biblioteca Escolar (BE) na vida do centro e que siga sendo un espazo operativo e funcional que poida ser utilizado eficazmente por todos os membros da comunidade educativa.
- Experimentar a BE como lugar de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
- Aproveitar as distintas posibilidades que ofrece a nosa BE como recurso para o proceso de ensino e aprendizaxe, establecendo unhas normas básicas dos usuarios e de funcionamento.
- Espertar, crear e promover o gusto pola lectura, fomentando así a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Fomentar hábitos de traballo, diversión en grupo e actitudes de compañeirismo dentro da BE, estruturándoa en diversos recantos ou zonas, realizando diferentes actividades de lecer nela.
- Levar a cabo actividades de animación á lectura e dinamización da biblioteca,

P.X.A.

potenciando o traballo en equipo, a colaboración entre os distintos niveis e a integración dos colectivos minoritarios.

- Formar usuarios autónomos da biblioteca garantindo o acceso aos fondos bibliográficos e documentais a todo o alumnado en igualdade de condicións.
- Potenciar a realización de proxectos documentais, de maneira interdisciplinar en todos os niveis e coordinados pola BE.
- Colaborar activamente cos titores á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura, mellora da comprensión lectora e busca de información nas distintas programacións das áreas.
- Apoiar e traballar en prol dos obxectivos do Proxecto TIC e Polos Creativos, Proxecto Medioambiental, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de Convivencia e o Plan de Educación Emocional do noso centro.
- Reestruturar os espazos para adaptalos ao alumnado e para fomentar a animación á lectura.
- Elaborar un catálogo por temáticas que facilite a busca de exemplares por parte de docentes, alumnado e resto da comunidade educativa.
- Realizar pequenas entradas no blog da biblioteca para que a comunidade educativa teña a oportunidade de visualizar o que nela ocorre, que sexan un recursos para descubrir novos libros (recomendacións, booktubers, novidades) e un lugar de encontro para os lectores.

## ACTUACIÓNS POR TRIMESTRES

### 1º TRIMESTRE

P.X.A.

**XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN**

a) Constituír o Equipo de Apoio á BE e xestionar as tarefas de cada un dos membros.

b) Organizar o horario de funcionamento da biblioteca.

c) Creación dos novos carnés de biblioteca e baixa do alumnado/docente que xa non se atopa no centro.

d) Recordar as normas de uso da biblioteca á Comunidade Educativa.

e) Establecer as necesidades bibliográficas e elaborar orzamentos para a adquisición.

f) Colaborar coa Dirección na organización e xestión da Hora de Ler.

g) Organizar e xestionar os recursos precisos para o desenvolvemento dos P.D.I., para as exposicións temáticas, novidades...

h) Actualizar a catalogación no programa MEIGA dos libros xa catalogados, no referente á ubicación e materias.

i) Expurgar aqueles libros que xa sexan inutilizables.

**FORMACIÓN DE USUARIOS**

a) Formación de axudantes de biblioteca (alumnos/as) que axudarán (durante os recreos) na organización da biblioteca.

b) Reunión informativa para todo o profesorado sobre o funcionamento, catalogación e normas actuais do manexo da documentación, que permita levar a cabo unha labor eficaz e coordinada co grupo de traballo encargado da biblioteca.

c) Elaboración de pequenos videotitorias para docentes e alumnado (biblioaxudantes).

P.X.A.

**TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

| | |
|---|---|
| **MESTRES** | a) Sesións informativas co profesorado para familiarizalos co manexo do vocabulario das distintas fontes informativas<br>b) Elaboración e explicación duns manuais informativos sobre o uso de programas e soportes: MEIGA, E-LBE.2, pizarra dixital, páxina web do centro, blogue de biblioteca, busca de libros…<br>c) Recursos on-line: selección de páxinas web por temas, portais educativos e lúdicos, bases de datos…<br>d) Existencia dun correo electrónico para uso específico dos integrantes da biblioteca: bibliotecaceipjro@gmail.com . |

| | |
|---|---|
| **ALUMNADO** | **"A alegría da horta"**<br>Neste novo curso escolar, partindo das mascotas da biblioteca (os bibliotrisquis). O alumnado embarcarase nunha aventura durante todo o curso no que terán que axudar aos bibliotrisquis a rescatar o seu amigo morado, que quedou fascinado pola "alegría da horta". Para iso o alumnado terá que ir superando retos para demostrar o seu enxeño, os seus coñecementos e as súas habilidades para axudar a sementar a alegría por toda a comunidade educativa.<br>A biblioteca será un punto de referencia para atopar información e axuda bibliográfica, a cal tamén procurará obradoiros, saídas ou visitas especiais relacionadas co proxecto.<br>Todo isto virá acompañado de valores de respecto e coidado dos recursos naturais, a produción e consumo responsables, así como a saúde e benestar. (en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) promovidos por Nacións Unidas (Axenda 2030). |

P.X.A.

**FOMENTO DA LECTURA**

- Colaborar activamente no desenvolvemento de todas aquelas actividades de fomento da lectura que se contemplan no Plan Anual Lector (PAL) e que teñen carácter anual e/ou puntual. Sendo actividades recollidas neste documento:
- Programa "Mochilas Viaxeiras"; contacontos e dramatizacións; guías de recomendacións lectoras para o alumnado sobre a temática do PDI deste trimestre: "A alegría da horta"
- Tarefas vinculadas ao EACE, DO e EDL, por trimestre.
- Celebración de conmemoracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da familia...
- Utilización dun panel lector para libros recomendados e os libros máis lidos. ( A "lectudeira" .Farase en función das festas estacionais e conmemoracións.
- Colgadores de portas ou marcapáxinas coa mascota da biblioteca como agasallo de lectura o día da BE.
- Entrega á familia de recomendacións para incentivar o hábito lector do neno/a.
- Apadriñamentos lectores: o alumnado maior lerá contos aos máis pequenos.
- Orientacións lectoras a través do blogue da biblioteca.
- Creación de pequenas bibliotecas de aula, onde o alumnado pode prestar os seus libros favoritos.
- Exposición de novidades de lectura e de consulta en función das novas adquisicións.
- Adecuación da decoración e do espazo da BE, segundo a actividade a realizar nela.
- Introducir no blogue da biblioteca as novas que acontecen ao longo do curso sobre o fomento da lectura e a formación de lectores.
- Realización dun pequeno Escape Room na biblioteca, que implique a consulta e a busca de exemplares.

P.X.A.

- Realización de pequenas actividades que incentiven o coñecemento de libros (booktubers, bookface).
- Programación de actividades relacionadas coa lectura ao longo dos trimestres (visita dunha autora, contacontos, obradoiros, saídas ao teatro…).

***OUTRAS ACTIVIDADES PARA A COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES***

- Reforzo educativo de alumnado con dificultades de aprendizaxe e de apoio especializado. Coordinación co Equipo de Orientación (EO).
- Adaptación de distintos textos ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).
- Presenza da biblioteca na páxina web do centro e no blogue da BE, con información sobre normas de funcionamento, noticias relevantes, actividades realizadas…

**DIFUSIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA**

- Informarase á comunidade educativa (a través da páxina web do centro e do blogue) dos documentos e recursos que chegan ao centro, así como os fondos existentes.
- Confección dunha base de datos, con todas as actividades que se realicen a favor da lectura e o uso da biblioteca, onde figuren os obxectivos da actividade, a súa descrición e avaliación.
- Realización de guías para o uso da información por parte do alumnado e materiais de apoio que poida necesitar.
- Charlas para que o alumnado descubra os libros que existen e os consulte.

P.X.A.

## 2º TRIMESTRE

### XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN

- Elaborar o carné de lector para as familias que o soliciten, estendendo así o sistema de préstamo á comunidade educativa.
- Catalogar as novas adquisicións.
- Seguir colaborando activamente na organización da Hora de Ler.
- Organizar e xestionar os recursos precisos para o desenvolvemento dos P.D.I. Exposicións temáticas, novidades, elaboración de material...

### FORMACIÓN DE USUARIOS

- Utilización da biblioteca por parte dos membros do centro.
- Encamiñados ao Plan Lector: encontros con ilustradores e escritores dos libros que máis lles interesen ou que estean traballando nese momento; publicación de boletíns coas novidades bibliográficas, dirixidos e adaptados ás necesidades de cada grupo; e realización de follas informativas que permitan coñecer as actividades programadas sobre animación á lectura.

### TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

**"Disfrazámonos inspirándonos na nosa "alegría da horta"**

- Busca de información sobre a temática do disfrace..
- Busca de imaxes sobre  a temática proposta.
- Debuxos. Realización de murais.
- Localización na biblioteca de libros sobre a temática do disfrace.
- Busca a través do programa MEIGA.

Actividades

- A través do blogue da BE os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria **introducirán as súas opinións sobre os libros que len na web** da BE, dentro da Rede de B. E. de Galicia

- **"Ferramentas da horta"**: b*usca de información e creación dun mural dixital conxunto polo alumnado de 5º e 6º que recolle información dos outros niveis. Isto terá relación coa PDI.*

- ***"Exposición de plantas aromáticas":*** *busca de información e creación dun pequeno museo interactivo relacionado coas plantas aromáticas, no que o alumnado busca información en diferentes soportes. Isto terá relación coa PDI: "A alegría da horta".*

P.X.A.

## FOMENTO DA LECTURA

- Colaborar activamente no desenvolvemento de todas aquelas actividades de fomento da lectura que se contemplan no Proxecto Anual Lector (PAL) e que teñen carácter anual e/ou puntual. Sendo actividades reflectidas neste documento:
- Programa "Mochilas Viaxeiras"; contacontos e dramatizacións; e guías de recomendacións lectoras.
- Celebración de conmemoracións:
- O Día da Paz: aproveitamos para traballar os dereitos humanos fundamentais e propoñemos lecturas apropiadas para tal fin.
- O Entroido: a súa temática versará sobre a temática do curso, neste caso, aspectos relacionados coa horta e a nosa contorna.
- O Día de Rosalía, traballarase sobre a obra da autora na biblioteca e na aula.
- O Día da Poesía: creación de poemas e de rimas de xeito creativo.
- Entrega ás familias de trípticos para potenciar o hábito lector.
- Elaboración de pequenas historietas inventadas.
- Ilustración e elaboración de contos, publicación de audiolibros ou pequenos podcasts.
- Exposición de traballos.
- Introducir no blogue da BE as novas e actividades que acontecen ao longo do curso sobre o fomento da lectura e a formación de lectores.

## OUTRAS ACTIVIDADES PARA A COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES

P.X.A.

- Posta en marcha do programa de estimulación escrita para facilitar a lectura, previr dificultades e compensar desigualdades sociais.
- Utilización de distintos soportes para facilitar a aprendizaxe.
- Facilitación ao acceso a todos os soportes impresos e electrónicos como compensación das desigualdades sociais.
- Apoio aos programas e proxectos onde está inmerso o centro: educación en valores, educación medioambiental, educación emocional, cultura de paz e non violencia.

**DIFUSIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA**

- Información a través da páxina web do centro e blogue de todas as actividades de fomento da lectura que se realicen no centro para difundilas a outros centros educativos.
- Creación de ligazóns a webs referentes á lectura na web do centro e no blogue.
- Realización de guías temáticas, por exemplo, diferentes libros ou outros soportes que conteñen a mesma historia xunto con propostas didácticas.

## 3º TRIMESTRE

**XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN**

- Organizar actividades de difusión da nosa biblioteca.
- Concreción das actividades a desenvolver dende a Biblioteca para este trimestre.
- Continuar a actualización dos libros catalogados e catalogar as novas adquisicións.
- Avaliar o uso da B.E. por parte do noso alumnado e recollelo na memoria final de curso, a través de estatísticas co programa Meiga.

P.X.A.

**FORMACIÓN DE USUARIOS**

- Acceso a internet: alfabetización informacional (paulatina e sistematizada) para acadar un achegamento eficaz e crítico a todas as fontes informativas e saber empregar todos os recursos (con capacidade selectiva) que estas proporcionan.
- Acceso a través de puntos informativos no centro e na web escolar, á información das actividades programadas ou xa realizadas na biblioteca.

**TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

- Busca de información sobre a nacemento dunha horta escolar o seu coidado e mantemento relacionado ca PDI.
- Busca de imaxes en Internet.
- Lectura de contos, narracións e anécdotas.
- Creación de contos ou cómics en versión dixital.

**FOMENTO DA LECTURA**

- Colaborar activamente no desenvolvemento de todas aquelas actividades de fomento da lectura que se contemplan no Plan Anual Lector (PAL) e que teñen carácter anual e/ou puntual. Sendo actividades reflectidas neste documento:
- Programa "Mochilas Viaxeiras", contacontos e dramatizacións, guías de recomendacións lectoras para o alumnado sobre a temática do PDI.
- Celebración de conmemoracións:

  O Día do Libro Infantil e Xuvenil: actividades de animación lectora coa participación de toda a comunidade escolar; contacontos, lecturas sonoras de poesía, tómbola de libros, apadriña un lector...

  O Día do Libro: lectura colectiva no patio

P.X.A.

As Letras Galegas: a BE é o centro de recursos para o profesorado sobre as galardoadas deste ano. Traballarase conxuntamente co equipo de EDL.

- Exposición de obxectos relacionados co mundo do libro.

- Visita a unha biblioteca externa aos centros escolares.

- Avaliación da mellora das competencias lectoras básicas en coordinación co PAL.

**OUTRAS ACTIVIDADES PARA A COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES**

- Para paliar as desigualdades sociais buscaremos a implicación das familias, dada a súa importancia como mediadores entre o neno e os libros.

**DIFUSIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA**

- Creación de listas de libros para ler durante as vacacións.
- Reseñas de exemplares lidos polo alumnado e/ou profesorado.
- Exposición dos libros máis lidos e que máis gustaron
- Comentarios, a través da bitácora do centro, sobre títulos lidos.

P.X.A.

**HORARIO PREVISTO**

Analizadas as posibilidades de organización do centro presentamos esta proposta de horario aínda que é flexible e aberta, debido aos cambios no profesorado, melloras ou imprevistos, que poden ocasionar calquera modificación.

Establecerase dentro da biblioteca un horario que incluirá:

- Catro horas/semanais para a persoa responsable do equipo para programar, organizar e coordinar as actividade, así como para asesorar ao profesorado .
- Sesións semanais dentro do seu horario lectivo para cada un dos mestres/as compoñentes do Equipo de Biblioteca.

Para o conxunto do alumnado:

- Permanecerá aberta durante os recreos sendo atendida por un profesor/a que cumprirá a súa garda na biblioteca. Nese tempo levaranse a cabo distintas actividades de animación lectora.

Para as instalacións:

- A biblioteca estará aberta durante toda a xornada escolar.

No comezo do curso, cada grupo - clase escollerá unha hora semanal dentro do horario lectivo para traballo na BE onde se realizarán os préstamos, presentacións de libros, explicación de actividades, así como outras tarefas que poidan xurdir.

## Proxecto Medioambiental

Mantense no centro o punto limpo para a recollida de papel, plásticos, pilas, tinta e aceites.

Implementaranse distintas rutinas co alumnado para traballar a redución na produción de residuos e afondar nos principios da economía circular.

A recollida de aceites vexetais  realizarase en coordinación coa empresa REAVE , a de tintas coa empresa RECICLAGALICIA , e o resto en coordinación cos servizos do concello de Malpica de Bergantiños.

# 15. Plano de Autoprotección

Durante os cursos pasados foi revisado, actualizado e aprobado en Claustro de Profesores e Consello Escolar.

Continuarase coa práctica da realización de simulacros de evacuación , co fin de sistematizar a actuación dos mestres e alumnos nun suposto caso de emerxencia.

En termos xerais, o plano de autoproteción non presenta variacións no actual curso.

P.X.A.

### Localización e equipamento das caixas de urxencias

No Centro existen tres caixóns de urxencias, que están situados no baño do profesorado, no local de mobiliario deportivo (andar baixo) e no edificio secundario no corredor. Estes caixóns conteñen o equipo básico sanitario para atender as primeiras urxencias.

### Localización de saídas de emerxencia

O Centro conta con dúas saídas no andar baixo, unha na porta principal e outra nun lateral. Todas as portas están dotadas dun mecanismo que permite a súa apertura desde dentro aínda que estean fechadas por fóra.

No edificio anexo (escolas vellas) existe unha porta de saída sen mecanismo de apertura desde dentro, e unha porta de emerxencia, dotada dun mecanismo que permite a súa apertura desde o interior.

### Outros sistemas de seguranza dos que dispón o Centro

- *Extintores:* Contamos con 6 extintores de 6 kg. de po químico. Están emprazados en cada un dos seguintes lugares:

- aula de informática
- no corredor do primeiro andar
- ao lado do cadro eléctrico do edificio principal
- ao lado do cadro eléctrico do edificio anexo
- corredor do edificio anexo
- xunto á caldeira

### Protección do alumnado

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso do seu profesor/ titor, e sempre que veñan a recollelo os seus pais ou persoas autorizadas. Alén diso, e para un mellor control dos accesos ao Centro, ficarán pechadas as portas durante o horario lectivo.

P.X.A.

# 16. Plano para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia

A comunidade educativa democrática é o lugar idóneo para desenvolver a pedagoxía da participación en liberdade. Actualmente existen canles legais para facela posible. Os mestres/as, as familias, o alumnado e a sociedade, a través deles, poden e deben intervir no control e na xestión da ensinanza. A comunicación entre o centro e os pais e nais do alumno establécese dun xeito periódico có horario de atención das titorías e do equipo directivo , dando preferencia á atención a través dos medios telemáticos. Alén diso, para potenciar este tipo de comunicación e de relación, as bases deste plano contémplanse desde estes supostos.

## Obxectivos:

- Atender os posibles problemas de calquera pai ou nai cuxa solución precise da nosa intervención.
- Potenciar a colaboración dos pais/nais no proceso educativo, a través da intervención dos titores.
- Tratar de involucralos na organización do noso centro a través da súa participación no Consello Escolar e/ou nas distintas comisións.
- Divulgar todos os documentos de xestión e programación do centro a través da páxina web do centro.
- Manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa ANPA
- Facilitar o uso de instalacións do Centro para a realización de actividades que sexan organizadas pola ANPA.
- Darlles a coñecer todas aquelas convocatorias nas que os distintos sectores poidan participar.
- Pedirlles apoio nas nosas relacións coa administración.
- Solicitar a colaboración a todos aqueles organismos, organizacións e empresas

P.X.A.

que poidan contribuír á mellora da consecución das finalidades educativas do centro.

- Implicar a toda a comunidade educativa da localidade en proxectos comúns.

## Liñas prioritarias de actuación

- O director establecerá un horario de reunión e atención persoal con pais e nais, adaptado ás necesidades familiares e laborais.
- Informarlles e implicalos a través dos titores en aqueles ámbitos de desenvolvemento persoal nos que se necesite a súa colaboración.
- Facer chegar a todos os pais/nais a información de interese relativa ao proceso de ensinanza -aprendizaxe dos seus fillos/as a través da páxina web do centro, Abalarmóbil e outras canles informativas.
- Informar sobre a aplicación do protocolo de protección de datos ,especialmente de aqueles aspectos que os afectan directamente.
- Facilitar á ANPA os medios dispoñibles para a realización das actividades que organicen.
- Impulsar e colaborar coa ANPA na elaboración de proxectos para participar en todas aquelas convocatorias que se publiquen
- Informar puntualmente de todos aqueles asuntos tratados coa administración
- Solicitar a cooperación formal a diferentes organismos, organizacións e empresas, fundamentalmente a través do Equipo Directivo e do Claustro de profesores.
- Crear situacións que favorezan o encontro entre o profesorado da localidade de cara a traballar en propósitos comúns.

P.X.A.

# 17. Servizos complementarios

## Transporte Escolar

Cóntase con dúas liñas de transporte a cargo da Empresa Pedro Pombo e os itinerarios que realizan  partindo dende o centro son:

| RUTAS | DURACIÓN DA RUTA | DISTANCIAS | USUARIOS |
|---|---|---|---|
| ED150332 / Cambre -Loutoño – Buño/Praza | 20 minutos | 6,87 Km. | 41 |
| ED150333 / Leduzo – Arixón | 14 minutos | 5,04 Km. | 10 |

Ruta 1:  A Praza - O Empalme – O Tres -  As Rabuceiras – O Vilar – Brión – A Tremoa – Oseiro – Cambre/Leixoada – Cambre Loutoño.
Ruta 2: Arixón – Cerqueda (Igrexa) – As Pozacas – Leduzo

A empresa de transporte recibiu  no mes de setembro por parte do centro , a relación de alumnos/as por paradas para o presente curso.

P.X.A.

## Programa anual do servizo de comedor escolar

Dende o curso 2008-09 foi aprobado a creación do comedor escolar que comezou a funcionar o 1 de outubro dese mesmo ano baixo a xestión da ANPA do centro, segundo o artigo 4º da Orde do 21 de febreiro de 2007.O seu funcionamento recóllese no RRI do centro (capítulo VI, artigos 43,44,45).

Con data do 18 de xuño de 2013 , recíbese comunicación da Subdirección xeral de xestión orzamentaria informando da asunción da titularidade do comedor escolar por parte da consellería de Cultura, Educación e O.U., na modalidade de xestión indirecta, polo que é de cumprimento a instrución 2/2024, da secretaría xeral técnica da consellería de

cultura, educación, formación profesional e universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2024-2025.

Este curso o comedor presta servizo desde o 11 de setembro en horario de 14:40 a 16:00 . O número de prazas autorizadas para o uso do comedor son 34 (incluíndo a dirección) .

A empresa JARDANAY é a encargada da subministración de comidas preparadas e dotar do persoal encargado de atender o funcionamento do comedor e desenvolver o programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento dos hábitos persoais do alumnado.

## Obxectivos xerais:

- Adecuar a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar á lexislación vixente .
- Programar a prestación do servizo de comedor con programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

### Obxectivos específicos:

*De organización:*

- Distribuír aos alumnos/as no comedor e nas diferentes zonas de ocio.
- Optimizar os recursos persoais e materiais.
- Comunicar ás familias os menús facilitados pola empresa de catering de xeito que estas poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos/as .

*Para o tempo de xantar:*

- Desenvolver hábitos de alimentación: comer de todo, mastigar correctamente e acabala comida servida.
- Inculcar hábitos de bos modais na mesa: posturas, uso correcto dos cubertos …
- Fomentar a colaboración e boas relacións entre os compañeiros/as de mesa e o persoal de comedor.
- Inculcar hábitos de hixiene persoal: lavado de mans (antes e despois do xantar) e dentes (tralo xantar).

P.X.A.

*Para o tempo libre:*

- Desenvolver hábitos de convivencia: aprender a empregalo tempo libre participando nas actividades programadas para ese momento ,etc.
- Empregar correctamente os espazos e materiais destinados para ese tempo.

## Procedementos:

- Organizar os espazos do comedor e dos tempos de ocio en función das idades e intereses dos alumnos/as.
- Repartir aos alumnos no comedor por grupos, en función da organización en grupos do centro.
- Comunicar os menús ás familias mediante unha folla informativa, taboleiros do centro e páxina web do centro.
- Servir cantidades de comida axeitas á idade de cada neno/a.
- Ensinar a mastigar correctamente e procurar (sen obrigar) que se remate a ración de comida.
- Ensinar o uso do garfo, coitelo… e a sentarse correctamente para comer.
- Facer quendas de lavado de mans antes e despois do xantar; e de lavado de dentes tralo xantar.
- Elaborar un programa de actividades para os tempos libres.
- Distribuír os espazos de lecer en función das actividades a realizar, as condicións climáticas e/ou das idades dos nenos/as.

## Normas xerais

- Os menús elaborados pola empresa concesionaria estrutúrase nunha programación mensual que a súa vez se estrutura en catro semanas.
- Estes menús compóñense de dous pratos e sobremesa.
- Os nenos entrarán ordenadamente no comedor, sendo os primeiros en entrar os de Educación Infantil .
- A distribución do alumnado no recinto do comedor será realizada o inicio do curso polo director tras escoitar as suxestións do persoal do comedor. A po-

P.X.A.

sición dos usuarios será fixa e non poderá modificarse , agás excepcións motivadas.

- Ao finalizar o tempo de comedor os alumnos/as serán recollidos polas súas familias ou persoa autorizada no espazo sinalado , non permitíndose o acceso o recinto.
- Con respecto á cantidade de comida, daráselle unha ración acorde a idade do alumno, permitíndolle repetir, si é posible, naqueles casos en que así o soliciten.
- Os pratos que compoñen o menú diario do servizo de comedor presentaranse a todos os usuarios en intervalos de 15 minutos aproximadamente, adaptando este tempo ás características do prato.
- Para a súa hixiene persoal os alumnos/as deberán traer un neceser con cepillo e pasta de dentes para lavalos despois de comer.
- Non está permitido que o alumnado vaian ás clases no horario do comedor.
- No caso de que se produza algunha incidencia durante o período do comedor o director/mestre delegado realizará un parte de incidencias, que será entregado ao director que levará un rexistro das mesmas. O director informará por escrito dos feitos á familia segundo modelo establecido, quedando constancia da data de emisión e recepción da comunicación e das medidas tomadas pola dirección do centro.
- No caso de producirse algún accidente, dano corporal ou indisposición do alumnado, o procedemento de actuación será o seguinte:
    - A encargada valorará nunha primeira instancia a importancia do mesmo, informando ao director/mestre delegado cando proceda.
    - No caso de que se considere, chamarase o 112 para seguir as súas instrucións.
    - Chamarase a familia do alumno para informala.
    - Nestes casos sempre se deberá de cubrir o parte de incidencias.

P.X.A.

- O comedor escolar , como calquera outra actividade do centro, réxese polas normas de organización e funcionamento do centro escolar e , en ningún caso , aplicará medidas contrarias a estas.

## Funcións complementarias do director no comedor

- Levará un control dos usuarios, referido as persoas e días que fan uso do servizo a través da aplicación habilitada para tal fin.
- Será o responsable de facilitar os menús mensuais aos pais logo da comunicación dos mesmos por parte da empresa.
- Elaborará a finais de curso unha memoria final sobre o funcionamento do servizo que se someterá a informe do claustro para posteriormente ser aprobada ou non polo Consello Escolar.
- A comezos do curso escolar o director facilitará ao persoal do servizo de comedor o protocolo de organización e funcionamento do servizo, dándolles unha explicación sobre os mesmos e clarexando as dúbidas que poidan xurdir.

## Funcións complementarias do persoal de comedor

- Organizar a entrada e saída ordenada dos alumnos, controlando que ocupen os lugares asignados e se laven as mans despois de saír do comedor.
- Animar a comer aos nenos inapetentes.
- Se algún alumno/a debera tomar medicación no horario de comedor o pai/nai deberá presentar o medicamento xunto co certificado médico e as instrucións de toma do mesmo. Será a encargada , de xeito voluntario, a responsable de subministrar dita medicación.
- Preocuparase que:
    - Os alumnos/as utilicen correctamente os cubertos (culler, garfo e coitelo) ensinándolles a usalos e axudándolles aos nenos/as de infantil, se fose preciso.

P.X.A.

- Igualmente ensinará e controlará que o alumnado siga unhas normas e hábitos básicos na mesa (uso correcto dos cubertos e pano de mesa , estar ben sentados na mesa, non tirar a comida, non falar alto, non falar nin beber coa boca chea, etc)
- Coidará que os alumnos tomen o seu alimento dun xeito apropiado, procurando que coma do 1º prato, 2º prato e sobremesa. Pero terase en conta aqueles casos puntuais e excepcionais no que o alumno se atope enfermo ou con malestar.
- Informar o director/mestre delegado das condutas non apropiadas por parte do alumnado e aquelas que alteren o bo funcionamento do servizo.
- Informar o director/mestre delegado , daqueles casos en que reiteradamente algún alumno non coma unha cantidade axeitada a súa idade.
- Atender as actividades programadas para o tempo de recreo do servizo de comedor.

## Normas de comportamento dos alumnos

- Os alumnos terán en todas as circunstancias un comportamento axeitado e acatarán as instrucións do persoal do comedor e do resto de persoal do centro.
- Cada alumno debe ocupar o sitio que lle sexa asignado.
- Unha vez no sitio que lles corresponde o alumnado debe permanecer sentado. Ante calquera necesidade, levantarán a man para que o persoal do comedor o poida atender.
- Hai que procurar comer todo o que se serve, non pedir máis do que se vaia comer.
- Non tirarán comida nin desperdicios ao chan.
- Procurarán falar o máis baixo posible, evitando berrar.

P.X.A.

- Non poderán saír do comedor con comida, permanecendo no comedor ata que o persoal do comedor lle permita saír.
- Finalizar o xantar no tempo prudencial indicado para elo . A reiteración na non finalización do xantar no tempo establecido será considerado un comportamento non axeitado .
- Antes de entrar ao comedor todos deben asearse e procurar facer uso do servizo, para evitar levantarse da mesa.
- Non se pode abandonar o colexio sen que unha persoa adulta se faga cargo do alumno/a e sexa autorizado polo persoal do comedor ou director.
- Cando un alumno presente un comportamento desaxeitado, dentro do comedor, poderanse adoptar as seguintes medidas:

    Apercibimento verbal.

    - Permanencia o finalizar o xantar baixo o coidado do director/mestre delegado.
    - Cando esta ultima medida se teña que adoptar mais de dúas veces nunha semana procederase a informar o titor que convocará aos pais a unha xuntanza na cal se abordará dita situación.

## Programa de actividades para o tempo de recreo do comedor

- Actividades recollidas no programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento dos hábitos persoais do alumnado proporcionado pola empresa encargada da xestión do servizo de comedor.
- Actividades lúdicas no patio exterior ( xogo libre, xogos tradicionais, deportes ...) nos espazos asignados a cada grupo evitando os contactos con alumnado dos outros grupos.
- Actividades de interior (cando as condicións meteorolóxicas impidan o uso do espazo exterior).

P.X.A.

Este protocolo de organización e funcionamento xunto co programa anual do servizo son uns documentos base que se irán mellorando co tempo en función das anomalías detectadas e/ou melloras propostas e factibles.

**A Avaliación** realizarase a través de:

- Observación directa dos responsables e usuarios do comedor escolar.
- Valoración do Consello Escolar.
- Propostas dos usuarios.

Os resultados desta avaliación reflectíranse na memoria final anual do servizo.

O responsable do cumprimento deste protocolo e do programa anual do servizo de comedor, unha vez aprobados polo Consello Escolar, será a dirección do centro.

# 18. Instalacións e equipamento do centro

### Planos xerais dos edificios

Ver anexo V.

### As dependencias

As dependencias do centro están distribuídas da seguinte maneira:

***EDIFICIO PRINCIPAL***

***Andar inferior:***

Un local para dirección.

Un local para secretaría.

Un local para sala de mestres.

Un local para servizos de reprografía.

Un aula e local anexo para biblioteca e mediateca co seu servizo.

Servizos de mestres e mestras.

Vestíbulo.

Un aula de informática.

Un aula de infantil.

P.X.A.

Un aula para Departamento de Orientación e Titoría .

Dous servizos de alumnos/as.

Un local exterior para caldeira de calefacción.

Dous locais para vestiarios.

Un local para gardar material deportivo.

Un pequeno almacén para uso do persoal de mantemento do Concello.

Un pequeno local (baixo as escaleiras) para gardar os utensilios de limpeza.

***Andar superior:***

Oito aulas (cinco de educación primaria, unha de inglés , unha de música e unha de infantil).

Un local para aula de Pedagoxía Terapéutica.

Un local para aula de Audición e Linguaxe.

Dous locais para almacén.

Dous servizos de alumnos/as.

***2º EDIFICIO***

***Andar inferior:***

Aula de usos múltiples para a realización de actividades varias (xogos de infantil no recreo, atención usuarios de comedor, actividades complementarias e extraescolares).

Dúas aulas para o comedor escolar.

Servizos de alumnos/as.

***Andar superior:***

Sede da A.N.P.A.

Aula de informática.

Aula de cociña.

***RECINTO ESCOLAR***

Un patio cuberto que serve de pista polideportiva.

Unha pista descuberta para volea.

P.X.A.

Unha pista descuberta para baloncesto.

Unha pista descuberta para fútbol sala.

Zona de recreo para E. Infantil.

Zona axardinada e zonas verdes.

#### Uso das instalacións

A utilización das instalacións do Centro aparece regulada na lexislación vixente, e na normativa correspondente da Consellería e da Xefatura Territorial de Educación.

O equipo directivo posúe o dereito de dar a concesión do uso das instalacións do Centro a todos os membros e asociacións que forman parte da comunidade escolar, incluído o Concello. O Equipo directivo comprométese a informar na reunión de Consello Escolar correspondente das concesións efectuadas.

### Instalacións e material

En liñas xerais, o Centro ten cubertas, as súas necesidades de instalacións.

***- Deficiencias***

Hai carencias e deficiencias de materiais sobre todo a nivel das novas tecnoloxías ( computadores antigos...) . As principais necesidades do Centro seguen a ser:

***- Estado físico do edificio***

Debe realizarse un cambio das ventás da ala norte e un pintado da fachada do edificio principal .

É preciso unha revisión e renovación das  canalizacións de augas residuais e mobiliario dos aseos. Os aseos do edificio auxiliar presentan un estado especialmente malo, presentando deficiencias nos desaugues , estado das pezas sanitarias e das paredes, limitando a súa utilización polo alumnado.

É preciso continuar co mantemento regular dos espazos externos do centro – xardín, pistas deportivas, valados- .

***- Persoal do Centro***

Contase coa presenza dun conserxe que atende as labores de reparación e mantemento das instalacións – subministracións dos aseos, iluminación, pequenas avarias...- así como o coidado do axardinamento do recinto. A súa permanencia no centro non é exclusiva , tendo que atender outras obrigas indicadas polo Concello

P.X.A.

durante o tempo lectivo.

A limpeza do centro é realizado pola empresa contratado polo Concello. A limpeza do centro realizarase no horario de tarde non tendo dispoñibilidade de persoal de limpeza no horario lectivo.

# 19. Plano de actividades propostas pola ANPA

Durante o presente curso a ANPA Xaviña organizará actividades que completen a oferta realizada polo concello. A tal fin realizará obradoiros , contacontos e actividades lúdicas nos periodos vacacionais e colaborará co centro na realización de actividades similares no tempo lectivo.

# 20. Plano de Avaliación

Na medida en que esta PA establece plans de traballo concretos (obxectivos, actividades e temporalización) dos órganos de goberno, dos órganos de coordinación docente e demais equipos de traballo, a avaliación interna, facendo unha valoración de resultados, farase no mes de xuño e será recollida na memoria de fin de curso. Alén diso, trimestralmente a través da Claustro e do Consello Escolar valorarase a consecución dos obxectivos e das medidas e os recursos levados acabo para conseguir estes. Rectificando as medidas e/ou os recursos adoptados no caso de non ir acadando os obxectivos propostos.

## Avaliación do P. E.

- El lobo el calzoncillos. *Wilfrid Lupano, Mayana Itoïz, Paul Cauudet*
- El hilo invisible. *Miriam Tirado*

**2º- 3º Primaria**

- Perico o cangrexo. *Amparo Gómez Cuerpo*
- Correo urxente. *Paula Carballero.*
- Los niños extraordinarios. *Victoria Pérez Escrivá.*

**4º Primaria**

- Niko, el pirata. *Christine Nostingler.*
- El dedo mágico. *Roal Dahl.*
- Contos da tía Rosario: perico o cangrexo. *Amparo Gómez Cuerpo.*

P.X.A.

**5º - 6º Primaria**

- Letras de xeo. *Pereledi.*
- ¡Qué asco de bichos! El cocodrilo enorme. *Roal Dahl*
- Resuelve el misterio. Elige tu aventura. *Lauren Magaziner.*

Os itinerarios lectores poderanse modificar en función das novidades ou das distintas necesidades que poidan considerar os titores/as dos diferentes niveis.

# 12. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

| MES | ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE |
|---|---|
| SETEMBRO | ● Elaboración do Plan Lector Anual 2024/2025.<br>● Entrega ao profesorado do Plan Lector Anual que recolle a información relevante sobre o funcionamento da BE, a PDI e a integración nas súas programacións.<br>● Asignación de números de lector/a e impresión de carnets.<br>● Formación de usuari@s mestres/as: autoempréstito.<br>● Organización, coordinación e reparto do equipo de biblioaxudantes (5º e 6º Educación Primaria)<br>● Publicación da proposta de actividades 1º trimestre.<br>● Actualización da bitácora.<br>● Presentación das novas mascotas da BE. |

P.X.A.

| | |
|---|---|
| OUTUBRO/<br>NOVEMBRO | ● Apertura da BE<br>● Posta en marcha da PDI: "Somos a alegría da horta".<br>● Conmemoramos: Semana terrorífica e Magosto.<br>● Posta en marcha das mochilas viaxeiras |
| DECEMBRO | ● Exposición de Nadal<br>● Guía de lecturas de Nadal |

| MES | ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE |
|---|---|
| XANEIRO | ● PDI: "Somos a alegría da horta".<br>● Publicación da proposta de actividades para o 2º trimestre.<br>● Semana da non violencia e da Paz. |
| FEBREIRO | ● PDI: "Somos a alegría da horta".<br>● Semana de Rosalía de Castro<br>● Celebración do Entroido |

P.X.A.

| MES | ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE |
|---|---|
| ABRIL/MAIO | • Publicación da proposta de actividades para o 3º trimestre.<br>• PDI: "Somos a alegría da horta".<br>• Semana do libro e día das Letras Galegas. |
| XUÑO | • Día mundial do medio ambiente.<br>• Clausura BE<br>• Peche da PDI: "Somos a alegría da horta".<br>• Revista escolar dos Bibliotrisquis.<br>• Guía de lecturas de verán.<br>• Memoria final. |

OUTRAS ACTIVIDADES PREVISTAS SEN DATA FIXA

- Visitas de autores.
- Asistencia a sesións de contacontos.
- Contos cantados.
- Xornadas de animación á lectura.
- Charlas ou conferencias.

Ademais o calendario de actividades previstas en relación coa biblioteca e o fomento da lectura é aberto, e poderanse introducir outras actividades que se consideren interesantes para o alumnado ao longo do curso.

P.X.A.

# 13. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Para a implicación das familias, dentro do Plan Anual de Lectura para o presente curso, están formuladas as seguintes actividades:

- Bolsas viaxeiras para Educación Infantil.
- Mochilas viaxeiras para Educación Primaria.
- Buzón dixital aberto para propostas e colaboracións coa BE.

Por outra banda, as familias dispoñen dentro da biblioteca escolar dun apartado para adultos do que poden facer uso. Tamén se animará a participar na lectura compartida de aula mediante a lectura ou a interpretación dun conto.

# 14. AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura considérase un elemento esencial do propio proxecto porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuación que se están levando a cabo e dos recursos e medios empregados, así como a realización de propostas de mellora. Para iso establécense os seguintes criterios e instrumentos de avaliación:

**Criterios de avaliación:**

- Aumento do hábito da lectura.
- Incremento no uso dos fondos da biblioteca.
- Mellora da competencia comunicativa.

**Instrumentos de avaliación:**

- Cumplimentación por parte do alumnado de fichas bibliográficas dos libros.
- Instrumentos propios de cada materia para a avaliación da competencia lectora.

P.X.A.

- Participación nas actividades de animación á lectura e grao de profundización nas mesmas.
- Rexistro dos préstamos dos fondos da biblioteca.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, incluiranse ao finalizar cada curso escolar na memoria anual do centro e do Plan de biblioteca, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.

P.X.A.

# PLAN DE ORIENTACIÓN

P.X.A.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**CEIP JOAQUÍN RODRIGUEZ OTERO**

CURSO 2024/2025

# ÍNDICE


1. **XUSTIFICACIÓN.**
2. **ANÁLISE DAS NECESIDADES.**
3. **OBXECTIVOS.**
4. **DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**
5. **PLAN E PROGRAMAS.**
    - **A. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (P.A.A.D.O.).**
    - **B. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.X.A.D.)**
    - **C. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T.).**
    - **D. PLAN DE ACOLLIDA.**
    - **E. PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA (P.O.A.).**
    - **F. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19.**
6. **RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN.**
7. **AVALIACIÓN.**
8. **PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**
9. **ANEXOS.**


P.X.A.

# 1. XUSTIFICACIÓN.

O Departamento de Orientación (DO) do CEIP Joaquín Rodríguez Otero é compartido co DO do CEIP Milladoiro (Malpica). A Xefatura do departamento ten base no CEIP Milladoiro.

Para o presente curso escolar 2024/2025 seguiranse as liñas trazadas nos cursos anteriores polo DO no CEIP Joaquín Rodríguez Otero. A composición do Departamento de Orientación está formado por:

- A mestra de Pedagoxía Terapéutica (PT) afín a Audición e Linguaxe (AL) : Dna. Ainhoa García Felípez
- A xefatura do departamento de orientación: Mª Montserrat Martínez Gómez.

O centro conta na actualidade con alumnado de tódolos niveis educativos da educación infantil e educación primaria. A distribución do alumnado é por agrupamentos mixtos sendo a que segue:

- Aula de 4º de Educación Infantil: 7 alumnos e alumnas.
- Aula mixta de 5º e 6º de Educación Infantil: 3 alumnos e alumnas de 5º e 8 de 6º.
- Aula de 1º nivel de Educación Primaria: 12 alumnos e alumnas de 1º.
- Aula mixta composta polo 2º e 3º nivel de Educación Primaria: 11 alumnos e alumnas de 2º e 7 de 3º.
- Aula de 4º nivel de Educación Primaria: 13 alumnos e alumnas de 4º .
- Aula mixta composta por 5º e 6º nivel de Educación Primaria: 6 alumnos e alumnas de 5º e 6 de 6º .

Sendo 73 o número total das crianzas no centro.

No tocante ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, compre dicir que é atendido pola mestra especialista de Pedagoxía Terapéutica (PT)

P.X.A.

con afín  en Audición e Linguaxe (AL).

Para que un alumno/a sexa obxecto de apoio por parte da mestra especialista de  PT ou AL é preciso que así o especifique o informe psicopedagóxico ou ben algún outro dos documentos oficiais do Departamento de Orientación, informándose ás familias de que se vai levar a cabo dita intervención.

## 2. ANÁLISE DAS NECESIDADES

No deseño do plan de traballo tómase como referente un modelo colaborativo e integrador no que se teñen en conta os elementos que interveñen no proceso educativo e o seu carácter interactivo.

Para levar a cabo este modelo no que se pretende implicar a toda a comunidade escolar e considerando que os axentes básicos de toda a actividade educativa é o profesorado – titor/a é polo que resulta fundamental para a labor orientadora contar coa súa colaboración, tanto no que se refire á orientación persoal como á orientación nos procesos de ensino - aprendizaxe. Esta colaboración concrétase, por unha banda, a través da potenciación e dinamización da función titorial entendida como facilitadora dun mellor coñecemento do alumnado e, por outra banda, no que se refire ao proceso de ensino - aprendizaxe a través da axuda que se lle presta ao alumnado para que a súa aprendizaxe sexa máis eficaz e satisfactoria. Todo isto repercutirá, como consecuencia, nunha maior potenciación no desenvolvemento persoal e social dos e das discentes.

Para o desenvolvemento do traballo utilizaranse unha serie de documentos internos coa finalidade de recoller información, rexistrar observacións, detectar dificultades, rexistrar resultados de avaliacións académica e psicopedagóxica, facilitar pautas e tomar as medidas que se consideren máis oportunas.

Alén diso, considéranse precisas as reunións, ben formais, ben informais co profesorado – titor, polo que a partir destas entrevistas xéranse as seguintes necesidades:

- Incidir na importancia da implicación das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, tanto os que presenten dificultades na

P.X.A.

adquisición de contidos coma nas competencias básicas ou calquera outra dificultade.

- Facilitar información a cerca de medidas preventivas que se poden adoptar no ámbito familiar, que favorecen a educación integral do alumnado, prestando especial atención este curso a minimizar os efectos que poidan causar no alumnado as medidas de distanciamento social.
- Prestar acompañamento a familias que por circunstancias persoais e sociais se atopan en situación de vulnerabilidade, co fin de compensar desigualdade social, poñendo especial fincapé naquel alumnado que se sentise afectado pola interrupción das clases presenciais derivadas da situación pandémica que estamos a vivir.
- Promover dinámicas de aula que favorezan a inclusión de alumnado e contribúan ao cumprimento dos diferentes protocolos de atención á diversidade.
- Favorecer a implementación de estratexias de aula que contribuan á aprendizaxe de identificación e xestión de emocións.
- Incidir na acción titorial para traballar temas de interese, relacionados con aspectos formativos da educación, de hábitos, dos dereitos e dos deberes, técnicas e hábitos de estudo, habilidades sociais, igualdade entre homes e mulleres , a non discriminación de persoas por calquera tipo ( relixión, etnia, raza, diversidade funcional entre outras ) ou a resolución pacífica de conflitos.
- Procurar canalizar as demandas de intervención ao Departamento , a través de cuestionarios de demanda de intervención, co fin de xestionar as demandas dunha forma efectiva.

Ao mesmo tempo manterase unha estreita colaboración con outros servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado, cos servizos sociais, de sanidade, centros de educación especial entre outros. A súa principal finalidade é establecer pautas comúns de actuación e de evitar posibles disfuncións que se puideran producir por falla de coordinación.

P.X.A.

## 3. OBXECTIVOS.

O Departamento de Orientación é un servizo que forma parte esencial da actividade educativa co fin de asesorar ao alumnado, ás familias e ao profesorado. Axustándose á realidade do noso centro , dito asesoramento e orientación levarase a cabo a través dos seguintes obxectivos:

- Impulsar a colaboración e a coordinación entre o propio centro e o IES ao que está adscrito. (I.E.S. Urbano Lugrís) .
- Avaliar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o deseño de medidas de atención á diversidade.
- Favorecer a integración do alumnado no Centro facendo especial fincapé nas etapas de transición e nova incorporación ( alumnado de Infantil de 3 anos, procedente do CRA, escolarización de alumnos/as procedentes doutros centros escolares..).
- Revisar a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais e, cando cumpra, a súa modalidade de escolarización.
- Facilitar a Transición da Primaria á ESO, para o alumnado de 6º curso.
- Coordinar en colaboración coa mestra especialista de PT con afín en AL na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar no Plan Xeral Anual, especialmente nos aspectos que teñen que ver coa orientación educativa e a atención á diversidade
- Participar na revisión dos proxectos do centro facendo especial fincapé este curso na revisión e actualización do Plan de Atención á diversidade, co fin de adaptalo á normativa vixente.
- Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica as propostas do Plan de Acción Titorial.
- Contribuír a que a avaliación no centro sexa desenvolta segundo os principios de avaliación inicial, continua, formativa e orientadora. A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprendera accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:
    a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
    b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso

P.X.A.

2023/2024 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de poder dar resposta ás necesidades do alumnado.

- Divulgar materiais de apoio que poidan servir de referencia para a atención á diversidade.
- Coordinar, apoiar e ofrecer asesoramento nas actividades de orientación e titoría.
- Asesorar ao profesorado no deseño e execución de medidas de atención á diversidade.
- Facilitar a colaboración entre os membros do Departamento de Orientación e os demais titores/as e especialistas.
- Colaborar cos/as titores/as e coa mestra de apoio na revisión dos expedientes académicos do alumnado, preferentemente nos casos de cambio de centro, cando exista desfase entre a idade cronolóxica e o curso no que están escolarizados, ou cando se trate de alumnos con necesidades educativas especiais.
- Potenciar un enfoque educativo baseado nas competencias clave, que prime a conexión de contidos escolares cunha finalidade práctica e colaborar cos equipos docentes para que isto se reflicta nas programacións de aula.
- Prestar asesoramento sobre os contidos de protocolos de atención á diversidade co fin de dar resposta á necesidades do alumnado.
- Impulsar programas de formación que garantan un entorno de aprendizaxe inclusivo para todo o alumnado.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento, dinámicas de aula que favorecen unha boa convivencia (asemblea, estratexias de identificación en xestión emocional (mindfulness), traballo de emocións a través de lecturas, curtametraxes
- Asesorar ás familias en temas puntuais para os que soliciten axuda ao Departamento.
- Sensibilizar ás familias sobre a importancia dunha estreita colaboración familia-escola así como da importancia de educar dende o respecto (disciplina

P.X.A.

positiva).

- Facilitar información a cerca de medidas preventivas que se poden adoptar no ámbito familiar, que favorecen a educación integral do alumnado, prestando especial atención este curso a minimizar os efectos que poidan causar no alumnado as medidas de distanciamento social .
- Prestar acompañamento a familias que por circunstancias persoais e sociais se atopan en situación de vulnerabilidade, co fin de compensar desigualdade social.
- Favorecer a integración de alumnado en risco de exclusión social, a través de medidas compensatorias e mantendo unha relación estreita coas familias.
- Favorecer a colaboración cos servizos externos (Unidade de atención temperá, servizos sociais,etc).

**4. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

Sen prexuízo das funcións establecidas na lexislación vixente, así como no Proxecto Educativo, o Departamento de Orientación dará prioridade durante o curso lectivo 2024/25 as accións que aparecen recollidos a continuación:

- Atención a toda a diversidade especialmente incidindo na prevención e identificación temperá de necesidades específicas de apoio educativo.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas polo profesorado ou polas familias e elaboración dos informes correspondentes.
- Fomento de dinámicas de xestión de aula baseada na educación emocional que contribúan a diminuír o comportamento disruptivo, dotar de habilidades sociais, e fomentar a autoestima , que redundan nunha mellora na adaptación escolar, social , familiar así como no rendemento académico do alumnado.
- Asesoramento e orientación en temas puntuais para os que se solicite a intervención da Orientadora.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou de inclusión no sistema educativo.
- Asesoramento e colaboración no ámbito das competencias do D.O., na elaboración do Proxecto Educativo e, de ser o caso, aqueloutros documentos do

P.X.A.

centro que o precisen.

- Asesoramento no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, facendo fincapé na incorporación de contidos relacionados coa educación emocional ,habilidades sociais e disciplina positiva.
- Colaboración na elaboración do Plan de Atención á Diversidade do centro co obxectivo de adaptalo á normativa vixente.
- Participación co profesorado na revisión da documentación existente sobre o alumnado, facilitando información, documentación e material de apoio para o desenvolvemento da función titorial.
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos dentro dunha escola plural.
- Fomento dunha formación permanente incidindo na investigación, experimentación e innovación do equipo docente.
- Asesoramento sobre os contido de protocolos de atención á diversidade co fin de dar resposta á necesidades do alumnado
- Promoción da participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas.
- Participación na posta en prácticas de medidas compensatorias co fin de asegurar que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes (ensinanza presencial ou non presencial .
- Colaboración na proposta en práctica de dinámicas a desenvolver na aula co fin de crear un ambiente positivo de aprendizaxe, baseado na atención ás capacidades do alumnado, partir destas para conseguir superar as dificultades, previr conduta disruptiva e compensar desigualdades especialmente con alumnado que se atope en situación máis desfavorecida.
- Asesoramento no deseño desenvolvemento dos plans de reforzo e recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial , incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.
- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa practica educativa telemática na atención a diversidade se fose preciso así como adaptar a súa propia función de orientación a situación do momento.

P.X.A.

## 5. PLAN E PROGRAMAS.

Tendo en conta as características concretas deste centro, propóñense programas e plans de actuación concretos que abranguen a toda a poboación escolar (alumnado, profesorado e familias) tentando cumprir os principios de prevención, desenvolvemento e intervención. Estas serán as vertentes fundamentais a ter en conta nestes programas e a optimización dos procesos de ensino e aprendizaxe, promovendo o desenvolvemento das capacidades académicas por un lado e estimulando unha conduta emocional axeitada dos individuos coa pretensión de promover a súa madurez emocional por outro lado. Estas funcións anteriores fundamentaranse no obxectivo de potenciar as capacidades socio – afectivas do alumnado mediante accións relativas ao currículo, á orientación académica e outras actuacións específicas.

### A. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (P.A.A.D.O.).

- Introdución.

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto120/1998 (DOG. 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das accións do DO.:

- Os ámbitos de actuación establecidos nas funcións do departamento e que se explícita na referida normativa.
- As instrucións da Administración Educativa que se concretan na Circular 10/2010 das Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As liñas xerais dos diversos Plans e Programas do D.O.
- O Plan de Orientación do noso centro co correspondente Plan anual de actividades do Departamento de Orientación.

P.X.A.

- A resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa , pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/2025.

A elaboración do P.A.A.D.O. ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu Artigo 11º .b) determina que é función da xefatura do Departamento de Orientación "responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso".

Neste P.A.A.D.O. establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización. Non figuran os obxectivos porque xa están establecidos no Plan de Orientación. Inclúe tamén o horario da xefa do D.O. e o seguimento e avaliación do propio Plan.

- Actuacións e temporalización.

| Actuacións | Responsables | Destinatarios | Temporalización |
|---|---|---|---|
| Asesoramento á Comunidade Educativa. | Orientadora. | Comunidade educativa. | Todo o curso. |
| Proposta de adquisición de material do DO. | Orientadora. | Dirección. | Todo o curso. |
| Proposta de organización dos apoios de PT/ AL. | Orientadora . | Titores/as do A.C.N.E.A.E. mestra PT/AL. | Todo o curso. |
| Elaboración do Plan de Orientación. | Orientadora. | Comunidade educativa. | Setembro. |
| Aprobación do Plan de Orientación. | Orientadora | DO, Claustro e Consello Escolar | Setembro e Outubro. |
| Actualización do P.X.A.D. | Orientadora | Comunidade educativa. | Todo o curso. |
| Colaboración na proposta de fomento para a | Departamento de Orientación. | Mestres/as titores. | De outubro a maio. |

P.X.A.

| | | | |
|---|---|---|---|
| lectura. | | | |
| Establecer canles de colaboración e Coordinación cos servizos externos | Departamento de Orientación | Membros do DO. | Todo o curso |
| Asesoramento na elaboración do Plan Específico de Reforzo e Recuperación. | Departamento de Orientación. | Claustro. | De outubro a decembro. |
| Colaborar na organización de diferentes conmemoracións ( día da muller, día da diversidade funcional...) | Departamento de Orientación. | Profesorado e alumnado. | Todo o curso. |
| Orientación académica do alumnado de 6º EP. | Departamento de orientación | Alumnado | Maio |
| Solicitude para a intervención do EOE | Orientación | Alumnado | Todo o curso cando se considere necesario |
| Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias. | Departamento de Orientación. | Claustro | Todo o curso, cando se solicite. |
| Reunións do D.O. | Orientadora. | Membros do D.O. | Unha mensual ordinaria e as precisas extraordinarias. |

D.X.A.

| | | | |
|---|---|---|---|
| Realización das avaliacións psicopedagóxicas que se consideren precisas atendendo ás demandas de titores e familia. | Orientadora. | Alumnado. | Todo o curso. |
| Asesoramento ao profesorado sobre a implementación dos diferentes protocolos de atención á diversidade. | Orientadora. | Profesorado | Todo o curso. |
| Asistencia ás sesións de avaliación. | Orientadora. | Equipos docentes. | Ao remate de cada un dos trimestres. |
| Realización da avaliación do desenvolvemento do Plan de Orientación. | Departamento de Orientación. | Membros do Departamento. | Xuño. |
| Redacción da Memoria Final do Departamento de Orientación. | Orientadora. | DO., Claustro e Consello Escolar. | Xuño. |

- Horario da Xefa do DO.

O horario da Xefa do DO. distribúese reservando un tempo semanal, para a coordinación co equipo directivo, profesorado - titor, profesorado especialista, a atención ao alumnado, a atención aos pais/nais ou titores/as legais, á realización de informes e a outras necesidades do centro dentro das propias funcións. Dito horario non será fixo, senón que primará o carácter flexible debido a que se trata dunha orientación compartida co CEIP. Milladoiro. Aínda que non figura a reserva de horario de coordinación coa orientadora do I.E.S. Urbano Lugrís (Malpica de Bergantiños), D.O. ao que está adscrito este D.O., existe dispoñibilidade horaria para esa coordinación.

En relación ás reunións ordinarias do Departamento de Orientación, realizaranse en horario establecido para o seu fin ( os xoves na sesión de 13:50h a 14:40h).

P.X.A.

O horario neste centro son os martes e os xoves de 9.40h a 14.40h.

- Avaliación.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste plan, que formará parte da Memoria Final do Departamento de Orientación.

## B. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.X.A.D.).

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) debe ser entendido como un conxunto de actuacións, medidas organizativas, apoios e recursos que o centro vai a poñer en práctica para proporcionar ao alumnado a resposta educativa máis axustada ás súas necesidades.

Na actualidade coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa tras a súa modificación pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 maio, de Educación (LOE) empregamos o termo NEAE (alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo). Este termo aparece no Título II ("Principio de Equidade"), Capítulo I de Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo que inclúe na súa Sección 1ª ao alumnado con necesidades educativas especiais (con discapacidade ou trastornos graves da conduta), na súa Sección 2ª ao alumnado con altas capacidades intelectuais e na súa Sección 3ª ao alumnado de incorporación tardía no sistema educativo español.

Outra gran novidade que nos aporta esta Lei é o Principio de Inclusión unido ao de Normalización e que vai máis alá da integración ao referirse a que todos os centros deberían estar preparados para poder integrar a calquera alumno ou alumna en calquera momento foran cales foran as súas características.

Este plan seguirá as directrices do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

P.X.A.

Tendo en conta todos estes avances na educación da diversidade pódese xustificar sobradamente a necesidade de deseñar e desenvolver un plan de atención a diversidade como este que serva de referente para a atención educativa do alumnado, que guíe a práctica dos mestres e favoreza o progreso das crianzas.

Si hai algo do que a maioría dos mestres e mestras están convencidos é de que non existe un alumno ou alumna tipo, nin hai que planificar e explicar para a media da clase; senón que cada neno ou nena é diferente e require unha atención individualizada e diversa. Polo tanto, educar na diversidade implica ensinar a cada alumno e alumna segundo as súas características, empregando os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado mediante un currículo aberto e flexible con respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade dos e das discentes, non só para aquel con necesidades educativas especiais. Debe partir das fortalezas de cada alumno, e partir das mesmas para superar as necesidades que cada alumno, polas súas circunstancias poida presentar ao longo da súa escolaridade.

Froito desas consideracións, este plan xeral de atención á diversidade estrutúrase en tres grandes bloques. Un, o dos obxectivos, que definen aquilo que pretendemos coa elaboración deste Plan. Outro, o das actuacións, onde se contemplan unha serie de instrumentos que deben achegarnos aos obxectivos perseguidos. Finalmente, o da avaliación, que nos permitirá coñecer en qué medida se acadaron os obxectivos.

Obxectivos do P.X.A.D.:

- Introducirse nunha cultura profesional que adecúe o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Prestar asesoramento ao profesorado sobre a implementación dos diferentes protocolos de atención á diversidade.
- Deseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas (grupais e/ou individuais) ata os apoios, os reforzos educativos, etc.
- Deseñar respostas educativas para o alumnado con N.E.A.E.

P.X.A.

– Promover un uso axeitado dos recursos existentes no centro.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin dar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo, prestando especial fincapé neste curso escolar 2024/25 ao fomento de competencia dixital e educación emocional.

Partindo de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar, polo menos, dous tipos de atención: a atención xeral e a atención ao alumnado con N.E.A.E.:

–A atención xeral:

Como norma xeral, o profesorado adecuará o proceso de ensino - aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnado que requirirá exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, outro ao que lle haberá que encomendar certas responsabilidades, outro que necesitará estar nun grupo específico dentro da aula do que recibirá as axudas que precisa, outro ao que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc.

En síntese, trátase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme as súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o titor ou titora estableza unha rede coordinadora entre o profesorado do grupo (equipo docente), que coñeza a situación persoal de cada alumno e alumna, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno ou nena respecto do seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, que demande asesoramento do Departamento de Orientación, etc.

P.X.A.

–A atención ao alumnado con N.E.A.E.:

Na atención daquel alumnado con NEAE e dende o punto de vista propiamente académico poden establecerse dúas vías de atención:

*A) Unha atención ordinaria:*

- **Reforzo educativo sen apoio:** Son medidas de atención á diversidade de tipo curricular que o propio profesorado deseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...).

*B) Unha atención de carácter extraordinaria*

- ***Apoio do mestre especialista de PT / AL**.:* Son medidas de atención á diversidade que contemplan o apoio temporal da mestra fóra da aula durante este curso escolar 2024/2025.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste Plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación.

Como paso previo á aplicación do apoio da mestra de PT/ AL, a orientadora informará á familia das necesidades do seu fillo/a

- ***Adaptación Curricular Significativa (ACS)***

Trátase da Adaptación Curricular Significativa (ACS). Esta medida de atención á diversidade de tipo curricular seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Definición:

Entenderase por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo como son os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

P.X.A.

O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados na Concreción Curricular para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso distinto do que curse o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno/a determinado unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario podendo recibir apoio de Pedagoxía Terapéutica un máximo dun terzo da xornada escolar (Orde do 27 de decembro do 2002).

- Condicións:

Precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser adaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso. Os contidos tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos ao igual que os e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poidan seguir o proceso ordinario de ensino - aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro ou do Equipo de Orientación Específico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a.

d) O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

- Proceso de elaboración.

Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das áreas ou materias do

P.X.A.

currículo, os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados, tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como polo orientador do centro, o equipo psicopedagóxico de apoio ou calquera outro profesional que estea participando na atención ó devandito alumno.

Os centros deberán realizar unha reunión coordinada polo Director á que asistirán o/a titor/a, o profesorado que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas, segundo o establecido na  Orde.

Os datos obtidos na avaliación diagnóstica establecida no apartado 1 do artigo 7 da Orde reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará, segundo o modelo do anexo I da  Orde, a información relativa a:

- Datos persoais do alumno ou da alumna.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno socio-familiar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Profesionais participantes.

- Solicitude e autorización.

O director do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección, que emitirá un informe segundo o anexo II da  Orde.

- Rexistro:

A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán

P.X.A.

carácter confidencial.

A adaptación curricular reflectirase como A.C. (Adaptación Curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe aos pais ou responsables legais e no historial académico.

- Revisión:

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do curso sobre o que se elaborara a adaptación.

- Promoción:

Ao finalizar o curso para o que se realizara unha adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartirá as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumnado, determinarán a pertinencia da promoción de ciclo, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de se-lo caso, as liñas xerais da mesma.

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun ciclo, segundo o establecido para o efecto para as diversas etapas, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións curriculares, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno.

Ademais, no Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, indícase en referencia ás adaptacións curriculares que as adaptacións curriculares do alumnado con n.e.e. estarán precedidas dunha avaliación das súas necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas distintas adaptacións .

Unha vez comentadas as dúas posibilidades de atención (ordinaria e extraordinaria), haberá que determinar os criterios na aplicación de apoios do mestre especialista de P.T. ao alumnado que o requira.

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a mestra especialista de P.T. xunto coa orientadora establecerán o horario de atención ao alumnado con NEAE. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica realizada pola xefa do Departamento de Orientación.
- Atenderase ao alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Significativa.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior.
- En educación infantil só se apoiarán aqueles alumnos/as que así o aconselle o correspondente Informe Psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá.
- Atenderase primeiro aos apoios educativos que repiten curso que os que non.
-
- Os horarios dos apoios estableceranse tratando de respectar a permanencia dos alumnos/as na aula ordinaria nas horas lectivas dedicadas ás especialidades.
- Naqueles casos nos que o profesorado – titor/a desexe pospor ao principio de curso o apoio de P.T. por un tempo non superior a tres meses será aceptado sempre e cando alegue un motivo que a orientadora e a dirección consideren oportuno.

A proposta de atención elaborada entre o mestre de P.T. e a orientadora será presentada aos titores/as para o seu coñecemento, facilitándolla tamén ó Director.

Como paso previo á realización do Informe Psicopedagóxico, a orientadora informará á familia da súa pertinencia e solicitará a súa autorización escrita.

Respecto aos criterios a ter en conta á hora de promocionar ou non de Curso e/ou Etapa, terase en conta o lexislado respecto da avaliación no Currículo de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro; DOG do 09/09/2022) e no Currículo de Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)

Por outra banda, a atención á diversidade, en especial ao alumnado con N.E.A.E. deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista. En consecuencia, cando do alumnado con discapacidade se trata, os Informes Psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico (de ser preciso) e se se require profesorado especialista en P.T. e/ou A.L. para ofrecer a eses alumnos e

P.X.A.

alumnas unha atención de calidade.

En relación ao ámbito infraestructural, a escolarización de alumnos e alumnas con N.E.A.E. requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes ou estas presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, o comedor escolar, os accesos ao pavillón escolar, etc. deberán considerar as circunstancias específicas dos nenos e nenas con NEAE. Todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención, tal e como establece a Lei 10/2014 de accesibilidade na comunidade autónoma galega e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 74/2013 de 18 de Abril.

### C. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T.).

Tendo en conta os ámbitos e funcións nos que a acción titorial debe realizarse, precísanse os principais obxectivos e actividades que se levarán a cabo:

- Desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Optimización do proceso de ensino - aprendizaxe.
- Coordinación docente
- Orientación familiar.

O P.A.T. vai destinado ao alumnado, profesorado e familias.

- Con respecto ao alumnado, como primeiro e máis importante ámbito de actuación titorial:

  Obxectivos:

  - Impulsar o seu desenvolvemento psicosocial, facilitando a integración no grupo e no centro, desenvolvendo a súa madurez vocacional e fomentado actitudes participativas no centro e o entorno.
  - Optimizar os seus procesos de ensino-aprendizaxe detectando as dificultades de aprendizaxe que xurdan, articulando respostas educativas a esas dificultades, coordinando os procesos e avaliación e asesorando sobre a súa

P.X.A.

promoción dun ciclo a outro.

Actividades:

- Actividades de acollida.
- Debates sobre dereitos e deberes.
- Explicacións das funcións e tarefas da titoría.
- Dinámicas de coñecemento de cada alumno e alumna no grupo, no centro e no entorno social e familiar.
- Recollida de información individual e grupal.
- Analizar cos profesores e profesoras as dificultades escolares do alumnado.
- Actividades favorecedoras dunha competencia emocional axeitada.
- Actividades de participación na avaliación.

- En relación co profesorado:
  Obxectivos:

- Favorecer o axuste das programacións ao grupo de alumnos e alumnas, en especial dos que presentan necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Coordinar o proceso avaliador que leva a cabo o profesorado do grupo-clase.
- Posibilitar liñas comúns de acción cos demais titores e titoras no marco do Proxecto Educativo do centro.
- Colaborar na análise das necesidades do profesorado-titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individualmente.
- Fomentar e colaborar no seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade.

Actividades:

- Consenso do Plan de Acción Titorial precisando o grao e modo de implicación do profesorado e delimitando os aspectos que son específicos do profesorado – titor.
- Mediación en posibles situacións de conflito entre alumnado e profesorado e

P.X.A.

informar debidamente ás familias.

- Recollida de información dos demais mestres sobre calquera tema que afecte ao grupo ou a algún alumno/a en particular.
- Transmisión ao profesorado do equipo docente aquelas informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles.
- Preparación e participación nas sesións de avaliación, procurando que se axuste aos principios da avaliación formativa.
- Establecemento das canles de colaboración cos demais titores e titoras do mesmo Curso e/ou Etapa.
- Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.

- En relación coas familias:

Obxectivos:

- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas entre centro e familias.
- Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- Informar ás familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e fillas.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

Actividades:

- Preparación e coordinación das reunións, a comezo de curso, durante as avaliacións.
- Petición aos pais de colaboración en relación co traballo escolar dos seus fillos/as.
- Realización de entrevistas individuais cando os pais e nais as soliciten ou o titor/a as considere precisas.

**D. PLAN DE ACOLLIDA.**

P.X.A.

O vehículo imprescindible para a comunicación nunha sociedade é a lingua do país no que un se atopa.

A lingua é a que nos permite expresar as nosas necesidades, emocións, pensamentos, ideas,... así como comprender as dos demais. Tendo isto en conta o idioma dun país convértese na ferramenta fundamental para favorecer a integración das persoas estranxeiras.

Na escola atopamos escolarizados a nenos/as en idade escolar, independentemente da súa nacionalidade ou raza. Nos últimos anos, Galicia estase a converter nun pais receptor (tanto de emigrantes retornados como de persoas inmigrantes procedentes doutros países como Marrocos, Romanía...).

Por este motivo é preciso deseñar un Plan de Acollida para o Alumnado con Integración Tardía no Sistema Educativo Español no que se recolla:

- Obxectivos que se pretenden acadar co alumnado.
- Pautas de actuación a seguir tanto cos nenos e coas nenas que se escolaricen no centro coma coas familias e cos profesores e profesoras implicados.

P.X.A.

- Marco Legal:

Tómase como referencia a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG. 26/02/2004). Nesta orde recóllense as pautas xerais de actuación así como tamén o alumnado ao que vai dirixido.

- Profesorado:

Estableceranse canles de colaboración entre os diversos mestres e mestras que interveñen co alumnado.

Optimizaranse os recursos persoais e materiais do centro, co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado.

Orientarase ao profesorado que traballe cos alumnos/as de integración tardía no sistema educativo español.

- Familias:

Informarase ás familias sobre a dinámica de traballo do centro (Regulamento de Réxime Interior, ensinanzas, servizos complementarios, actividades,...)

Favorecerase a comprensión e participación, por parte da familia, das medidas adoptadas cos seus fillos/as (grupos de adquisición de linguas, matrículas, obradoiros, talleres,...)

Informarase ás familias sobre a traxectoria académica dos seus fillos así como asesoralos no momento da promoción e titulación.

- Destinatarios/as:

Serán todos aqueles que teñan unha idade comprendida entre 3 e 12 anos e que ademais reúnan algunha das necesidades educativas seguintes:

1. Descoñecer as 2 linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (castelán e galego)
2. Desfase curricular de 2 anos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
3. Presentar graves dificultades de adaptación ao entorno escolar por razóns sociais e/ou culturais.
4. Non estar escolarizado con anterioridade en España.

- Pautas de actuación:

Para a ensinanza dun idioma adoptarase un enfoque comunicativo (na súa metodoloxía) e seguiranse as fases de aprendizaxe dunha lingua : falar, ler, escribir...; recalcarase e priorizarase a funcionalidade da linguaxe, para que o alumno/a acade o maior grao posible de autonomía tendo en conta a comprensión e a expresión, (nas primeiras fases da aprendizaxe será o nivel de expresión o máis importante, que xunto coa comprensión intervirán unha serie de recursos contextuais que lle servirán de apoio).

Deberá existir coordinación entre todos os membros da comunidade educativa sendo o Departamento de Orientación e o Director encargados de favorecer esta coordinación.

Para a súa escolarización seguiranse as mesmas pautas que con todo o alumnado:

- Documentación que recolla a información persoal.
- Información académica.
- Entrevista coa familia, por parte da orientadora e/ou Director.

P.X.A.

- Incorporación do/a alumno/a ao centro e asignación do grupo tendo en conta o seu nivel de competencia curricular.
- Transmitir ao titor do alumno/a toda a información que precise e da que se dispoña.
- Avaliación inicial do/a alumno/a en todas as áreas (que permita o idioma) coordinados polo profesor - titor.
- Realización dunha avaliación inicial polo departamento de orientación (Artigo 2 da Orde do 20 de febreiro do 2004)

- Medidas específicas a tomar:

- **Grupos de adquisición das linguas** : son agrupamentos flexibles que teñen por obxectivo a aprendizaxe da lingua vehicular do ensino mediante unha atención individualizada. Este grupo levarase a cabo sempre e cando exista un número mínimo de alumnos/as.

  De todos os xeitos, o alumno/a permanecerá na aula de referencia cos seus compañeiros/as nas seguintes áreas: Educación Física, Educación Plástica e Visual e Relixión/Alternativa.

- **Grupos de adaptación da competencia curricular**: son agrupamentos flexibles que teñen como finalidade o progreso na súa competencia curricular mediante unha atención máis individualizada co obxectivo final de posibilitar a plena incorporación nas actividades académicas xerais do grupo. A característica principal do alumnado para pertencer a este grupo é presentar un desfase curricular de 2 ou máis anos respecto ó que lle correspondía por idade.

  As materias obxecto de adaptación serán principalmente as de carácter instrumental.

- De tipo curricular: Ao igual que co resto do alumnado, tamén se poderán adoptar outro tipo de medidas como son o reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilización.
- Titoría: organizando sesións para integrar ao alumno ou alumnos novos. Traballando a educación en valores con todo o grupo-clase (racismo, solidariedade, xenofobia, igualdade entre sexos, paz entre os pobos,...etc...)

P.X.A.

- Reunirse periodicamente entre o conxunto de profesores do alumno para levar a cabo o seu seguimento e propor medidas correctoras (se fosen precisas).
- Reunións de avaliación de carácter trimestral, para analizar a evolución do alumnado de integración tardía no sistema educativo español e onde se poderán tomar medidas necesarias en función dos resultados (continuar no grupo de adquisición de linguas, reforzo educativo, reducir ou aumentar o número de sesións, revisar os contidos e métodos de traballo...)
- Levar a cabo actuacións cos pais, para solicitar a súa colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe e informalos sobre o funcionamento do centro, as súas características, etc. Tamén se lles informará sobre o proceso de escolarización que se vai adoptar co seu fillo así como a súa evolución.

- Metodoloxía:

As programacións de cada área deben ter en conta a heteroxeneidade do alumnado que se atopa na aula, tanto pola súa procedencia, como polo seu nivel escolar. Por este motivo é preciso que cada profesor/a sexa o suficientemente flexible para adaptarse a cada situación.

Algunhas recomendacións a ter en conta, sobre todo nos primeiros meses, serán:

- Empregar frases sinxelas.
- Utilizar un vocabulario simple.
- Facilitar ao alumnado a comprensión das mensaxes apoiándose na mímica, debuxos, ilustracións...
- Utilizar a repetición de palabras ou expresións como estratexias de aprendizaxe da lingua.
- Facilitar ao alumno as explicacións do profesor en apuntamentos por escrito.
- Propiciar a participación do alumno na clase para que adquira progresivamente máis seguridade.
- Realizar preguntas pechadas que permitan unha resposta sinxela.
- Utilizar contidos do ámbito científico que teñen unha linguaxe directa e sintaxe sinxela.

P.X.A.

- Recursos:

Os recursos a ter en conta neste plan serán de dous tipos:

1. Persoais: Equipo directivo, orientadora, profesorado–titor, profesorado das diferentes áreas, profesores de apoio, mestra de A.L…
2. Materiais**:** Todos aqueles que se consideren necesarios para acadar os obxectivos que van dende as propias instalacións do centro (aulas, biblioteca, audiovisuais…) pasando polos libros de texto, libros de lectura, fichas de reforzo, vídeos, xogos,etc…

- Temporalización:

Deberase axustar en todo momento á situación particular de cada alumno, alumna e do centro.

O inicio do programa comeza no mesmo momento no que os diferentes alumnos se escolaricen no centro. Esta situación pódese dar tanto ao comezo do curso coma ao longo de todo o curso escolar.

Tal como se recolle neste plan hai algunhas medidas de atención que veñen delimitadas temporalmente pola Administración Educativa (como por exemplo a duración dos grupos de adquisición de linguas), cuestión que hai que ter moi en conta de levarse a cabo.

- Avaliación:

Os criterios de avaliación a ter en conta son:

- Adecuación das medidas de atención ás características particulares de cada alumno/a.
- Grao de satisfacción dos alumnos/as.
- Cualificacións dos alumnos/as.
- Grao de adecuación das programacións de cada área.
- Grao de implicación dos diferentes membros educativos.
- Grao de satisfacción das familias

P.X.A.

## E. PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA (P.O.A.).

Este programa recolle todos aqueles aspectos relacionados co desenvolvemento psicosocial do alumnado, esencialmente o seu desenvolvemento académico. Está dirixido a responder ás necesidades derivadas da evolución á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.). As actividades estarán orientadas a realizar no marco do grupo - clase ao alumnado que está a cursar 6º de Educación Primaria.

Os contidos a traballar na orientación académica e profesional centraranse no coñecemento persoal e na estrutura do sistema educativo.

Está destinado ao alumnado, profesorado e familias:

- En relación co alumnado:
  Obxectivos:
  - Axudar no coñecemento da nova etapa educativa que se lles presenta.
  - Colaborar coa titora no desenvolvemento harmónico da súa personalidade, facilitando o coñecemento de si mesmo e desenvolvendo a autoestima.
  - Realizar a orientación persoal informando sobre os distintos cambios educativos, asesorando e facilitando o consello orientador.
  - Asesorar individualmente a aqueles alumnos/as que presenten certa incerteza e indecisión.
- En relación co profesorado:
  Obxectivos:
  - Invitar aos diferentes mestres que interveñan no grupo - clase para informar e animar ao alumnado a coñecer a nova etapa educativa.
  - Coordinar as opinións do equipo educativo e ao profesorado - titor á hora de elaborar o consello orientador.
  - Establecer canles de coordinación da orientadora deste centro coa orientadora do I.E.S. de xeito que se facilite o tránsito do alumnado entre as etapas educativas.
- Cos pais/nais:
  Obxectivos:

P.X.A.

- Promover a participación das familias en programas de orientación académica e profesional.
- Contar coa propia experiencia profesional dos pais e nais.
- Orientar academicamente ás familias, especialmente ás do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Actividades a realizar:

- Realizarase unha sesión informativa e charla co grupo de 6º de E.P. na súa aula onde se lles explicará a colocación do "Buzón de Dúbidas sobre a E.S.O" e o seu obxecto. Ademais, poderán facer as preguntas que consideren oportunas (choiva de ideas) sobre temas relacionados coa E.S.O., por exemplo:
- Estrutura xeral do sistema educativo.
- Títulos que se obteñen.
- Finalidade da E.S.O.
- Áreas ou materias do primeiro ciclo da E.S.O
- Materias optativas.
- Horarios.
- Sistema de avaliación e promoción.
- Recreos.
- Titorías.
- Instalacións.
- Preguntas recollidas do buzón de suxestións:
    - Adaptación: novatadas, primeiro día de clase,...
    - Promoción: organización (técnicas de estudio).
- Rogos e preguntas.
- Suxestións.

Con posterioridade, farase a Xornada de portas abertas. Consistente na visita ao I.E.S por parte do alumnado, cos seus titores, a orientadora do C.E.I.P. para coñecer as novas instalacións e algúns aspectos do centro: horarios, normas básicas de comportamento, avaliación, áreas ou materias obrigatorias e optativas,...

Reunión cos titores de 6º E.P. para que a xefa do Departamento de Orientación do I.E.S. coñeza ao novo alumnado que accede e así poder axustar as posibles futuras intervencións.

P.X.A.

## 6.RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN.

En canto aos recursos humanos a ter en conta, cóntase co director, equipo docente, familias coas que levar a cabo a labor educativa e orientadora. O D.O., como xa se sinalou, conta coa orientadora e a mestra especialista de Pedagoxía Terapéutica afín con Audición e Linguaxe . Bótase en falta a presenza dun mestre especialista en Audición e Linguaxe en exclusiva.

Nos recursos materiais, considérase suficiente para o cumprimento das funcións da orientación, tanto relacionada coa atención psicopedagóxica do alumnado, coma coa orientación educativa que teñan incidencia no proceso educativo ou na toma de decisións sobre o alumnado. Entre estes materiais inclúense probas psicopedagóxicas para os niveis de infantil e primaria, materiais de apoio e reforzo, e outros materiais para a formación permanente.

En canto á temporalización, non se fixará un horario concreto para a atención ás familias nin ao alumnado, pois o carácter flexible do horario en orientación permite unha atención máis cómoda de cara ás familias e pertinente de cara ao alumnado.

P.X.A.

## 7.AVALIACIÓN.

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas achegas e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento. Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados

do mesmo.

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos formulados nel e veñen determinados por:

- *A realización das actuacións previstas nos diferentes plans (P.A.T., Plan de Acollida...)*
- *A resposta ás demandas da comunidade educativa.*
- *A satisfacción das necesidades de orientación do centro.*
- *O grado de axuste á realidade do colexio.*
- *A resposta á diversidade.*
- *O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.*
- *A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.*
- *A relación cos axentes externos.*
- *O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.*
- *A promoción e apoio á convivencia.*

## 8. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### 8.1. INTRODUCCIÓN

No C.E.I.P Joaquin Rodríguez Otero no presente curso académico 2024/25 contamos cun número de alumnos con NEAE. Este feito fai imprescindible a dotación de recursos para atender as necesidades destas crianzas. Entre outros moitos medios que podemos poñer ao seu alcance, destaca a dotación de recursos persoais como é o profesorado de apoio e a súa aula. Por outra parte, toda acción educativa debe estar debidamente programada, polo que é imprescindible unha programación ou plan que supoña a organización da actuación educativa que se vai levar a cabo con cada alumno/a.

Esta programación comeza no seu primeiro punto coa descrición do centro e o seu

P.X.A.

contexto, e segue cun segundo apartado no que fala do alumnado con NEAE para pasar logo á programación de obxectivos, contidos, metodoloxía, intervención educativa, e avaliación.

## 8.2 .DESCRICIÓN DO CENTRO E ANALISE DO CONTEXTO

O centro onde se desempeña a labor docente é o C.E.I.P Joaquín Rodríguez Otero. O colexio acolle aos nenos de Buño e as poboacións do redor.

### <u>**Profesorado**</u>

Entre o persoal de apoio ás necesidades específicas de apoio educativo o centro conta cunha orientadora do Centro como xefa do Departamento de Orientación, compartida co CEIP Milladoiro de Malpica , e unha mestra de PT/AL que realiza a súa labor a tempo completo neste centro educativo.

Semanalmente os xoves  reúnense os membros do Departamento de Orientación para tratar diferentes temas relacionados especialmente cos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. O profesorado agrúpase nos diferentes órganos de coordinación docente tal e como dita a lexislación vixente. Especial mención neste punto, é a coordinación entre os titores/as a mestras de PT e a orientadora con reunións iniciais para establecer de forma conxunta as liñas principais da programación e ao longo do ano, para avaliar continuamente a evolución do alumno/a en concreto.

Establécense reunións periódicas coa orientadora, valorando conxuntamente posibles casos susceptibles de recibir apoio, así como a metodoloxía e obxectivos a priorizar e tamén seleccionar o material máis idóneo.

### <u>**Alumnado con NEAE**</u>

As necesidades dos alumnos deste centro esténdese ó longo dun continuo que vai dende as medidas de atención á diversidade de carácter ordinarias da maioría dos alumnos/as , ata as necesidades máis específicas que posúen algúns deles véxase o caso do apoio da mestra especialista en PT.

Reciben apoio da mestra especialista, alumnado con adaptacións curriculares, e tamén

P.X.A.

aqueles que a criterio da orientadora en consenso co mestres/as –titor/a e coa mestra de PT decidan que necesitan un apoio específico . No tocante a súa orixe, algunhas son debidas a causas relacionadas con aspectos do contexto social ou cultural e outras teñen máis relación coa historia educativa escolar dos e das discentes, e por último, existe algún caso que ten que ver con condicións persoais asociadas á diversidade funcional.

### 8.3.PROGRAMACIÓN DA AULA DE APOIO

**OBXECTIVOS**

- Potenciar o desenvolvemento xeral do alumno/a.
- Optimizar o proceso de ensinanza/aprendizaxe.
- Acercar aos discentes á consecución dos obxectivos de curso.
- Mellorar a integración do alumnado tanto no centro, aula ou de xeito telemático (se fose o caso).

**METODOLOXÍA**

Cando sexa detectado un desaxuste no desenvolvemento académico ou persoal dun alumno/a o titor/a xunto cos demais profesores/as que inciden nese alumno/a, a mestra de P.T., e a orientadora valorarán a importancia do mesmo, e se require un reforzo educativo, adoptaranse as medidas oportunas.

A partir do informe elaborado pola orientadora establecerase a intervención educativa axeitada: reforzo, adaptación curricular entre outras.

Os alumnos/as que o precisen recibirán apoio, ben na aula de Pedagoxía Terapéutica ou na aula ordinaria segundo as necesidades do alumno/a e a dispoñibilidade horaria, axustándose o tempo e as sesións semanais para acadar os obxectivos propostos para cada caso en particular.

Seguiranse unhas pautas de actuación flexibles, de xeito que se poidan acomodar aos distintos tipos de situacións e alumnado.

Utilizaranse estratexias que favorezan a motivación, ampliando deste xeito o interese

P.X.A.

dos alumnos/as polas actividades realizadas en cada momento ( sesións de traballo no ordenador, traballo oral….) Primarase a participación activa por parte dos alumnos/as, tentando crear un clima de confianza entre profesor e alumno e favorecendo a autoestima deste.

Os alumnos/as permanecerán co seu grupo de referencia nas áreas de educación física, idioma estranxeiro, educación artística e relixión, así como nas actividades complementarias e saídas escolares, dado os seus compoñentes normalizador, socializador e motivador.

Manteranse reunións periódicas cos titores e cos demais profesores e sempre que sexa necesario para a boa coordinación dos apoios. Con carácter xeral seguiranse as seguintes liñas metodolóxicas na aula de apoio:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.
- Facilitar a construción de aprendizaxes significativos..
- Buscar sempre a funcionalidade nas aprendizaxes e a xeneralización dos mesmos.
- Coidar as interaccións mestre/a-alumno/a e entre iguais .
- Facilitar a motivación e o interese do alumnado cara as actividades así como cara as novas aprendizaxes.
- Partir do Principio de individualización e atención a diversidade, así como do principio de flexibilización da ensinanza.

**INTERVENCIÓN EDUCATIVA**

A intervención da mestra de PT realizarase en relación a tres niveis:

- <u>En relación ao alumno/a:</u>

-Prestarlle atención directa ao alumno/a con NEE que así o requira.

-Colaborar na identificación e avaliación de NEE.

-Observar o progreso do alumno/a e avalialo en colaboración có profesor de área.

- <u>En relación ao mestre/a:</u>

P.X.A.

-Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo.

-Colaborar no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir co alumno/a que presentan nee.

-Elaborar e deseñar materiais específicos para cada alumno/a

- <u>En relación ao centro:</u>

-Participar na elaboración dos horarios dos alumnos con NEAE.

-Coordinación cos profesionais que interveñen na educación dos alumnos con NEAE.

-Participar nas sesións de avaliación nos niveis que teñan alumnos con NEAE.

**ASPECTOS A REFORZAR**

As técnicas instrumentais:

-Linguaxe oral

-Lectura

-Comprensión lectora

-Escritura

-Razoamento

-Motivación

-Cálculo.

- Habilidades cognitivas básicas

-Hábitos de traballo.

-Técnicas de traballo.

-Coñecementos de área.

- Educación Emocional.

- Inclusión do alumnado.

P.X.A.

**MATERIAIS**

Utilizaranse os libros de texto de diferentes niveis, complementados con fichas de cadernos de apoio, elaborando tamén moito material adaptado a cada neno.

Tamén se fai uso de ordenador e tableta, como reforzo e complemento das aprendizaxes. Exemplos de programas usados son: Proxecto emociones, Jose aprende, Programas de atención e memoria, e o libro do programa Neuroeduca " entrenamiento de las funciones ejecutivas en educación infantil" . , etc..

**AVALIACIÓN**

Avaliarase ás crianzas en relación aos obxectivos recollidos na programación individual de cada un. Ademais da consecución dos obxectivos, tamén se valorará especialmente as actitudes e o esforzo persoal.

A avaliación do alumnado farase sobre a área que se lle reforza na aula de P.T., e será unha avaliación conxunta co profesor desa área.

A avaliación será continua, global, formativa, personalizada e participativa... para iso empregaranse diferentes técnicas e instrumentos aínda que principalmente utilizaremos a observación directa.

Para levar a cabo a avaliación como un proceso continuo, diferenciaremos tres momentos:

- Avaliación inicial: servirá de punto de partida para a elaboración de cada intervención.
- Avaliación continua: na que se empregará a técnica da observación, recollendo os datos relevantes en follas de rexistro
- Avaliación final ou sumativa na que teremos en conta os datos obtidos anteriormente que nos servirán de referencia para a continuación do traballo e o deseño de novos obxectivos.

P.X.A.

## 9. ANEXOS

## ANEXO 1: COMPENDIO LEXISLATIVO.

1. **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**
2. **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.**
3. **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación**.

4. **NEAE**

- **Lei 10/2014**, **do 3 de decembro,** *de accesibilidade.*
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** *polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
    - **Orde do 27 de decembro de 2002** *pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación no universitaria con NEE.*
    - *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 26/10/2021). Corrección de erros, Orde do 8 de setembro de 2021.*

- **Orde do 6 de outubro de 1995** *pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral.*

- **Orde do 31 de outubro de 1996** *pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para arealización do dictame de escolarización.*

- **REAL DECRETO 943/2003**, *de 18 de julio por el que se regulan las condiciones para*

P.X.A.

*flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.*

- **Orde do 28 de outubro de 1996** *pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.*

- ***Orde do 20 de febreiro de 2004*** *pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.*
- **Decreto 183/2013, de 5 de Decembro** *pola que se crea a rede galega de atención temperá.*

## 5. ORIENTACIÓN

- **Decreto 120/1998, do 23 de abril,** *polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
  - **Orde do 24 de xullo de 1998** *pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

**Circular 18/2007** *da dirección xeral de ordenación e innovación educativa e de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.*

**Circular 10/2010** *da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.*

**Resolución do 22 de decembro de 2004**, *da Dirección Xeral de Centros e Ordenación*

P.X.A.

*Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.*

## 6. CONVIVENCIA

- **LEI 4/2011, do 30 de xuño***, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, *polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

## 7. EDUCACIÓN INFANTIL

- **Currículo de Educación Infantil Decreto 150/2022,** do 8 de setembro; DOG do 09/09/2022)
- **REAL DECRETO 1630/2006**, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.
- ***Decreto 330/2009****, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

## 8. EDUCACIÓN PRIMARIA

- ***Currículo de Educación Primaria Decreto 155/2022,*** *do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)*
- ***Real Decreto 126/2014****, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.*
- ***DECRETO 105/2014****, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ***Decreto 374/1996****, do 17 de outubro.* ***Regulamento orgánico*** *das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*
  - ***Orde do 22 de xullo de 1997*** *pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*

P.X.A.

- ***Decreto 7/1999*****, do 7 de xaneiro**, *polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.*
    - ***Orde do 3 de outubro de 2000*** *pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.*
- ***Orde do 12 de xuño de 2017*** *pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

### *9. ADMISIÓN DE ALUMNOS*

- ***DECRETO 254/2012*****, do 13 de decembro**, *polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
    - ***ORDE do 25 de xaneiro de 2017*** *pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

### *10. ACCESIBILIDADE*

- **Lei 10/2014** *de accesibilidade na comunidade autónoma galega.*
- **Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro**, *polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo* **Decreto 74/2013 de 18 de Abril.**

### *10.- OUTRAS*

- **Lei 17/2006, do 27 de Decembro**, *do libro e da lectura de Galicia*
- **Instruccións** do **30 de xullo 2020**, *da Dirección Xeral de Educación, Formación*

*Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato modificado parcialmente na versión 16/09/2020.*

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 2: INTERVENCIÓN DOS ESPECIALISTAS DE PT E AL

### CURSO ACADÉMICO 2024/2025

D./ Dna_______________________________________________________________con DNI____________________________________________ pai/nai/titor legal do alumno/a de ___________________________________________________________

**INFORMAMOS** que o seu meu fillo/a que está escolarizado no CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño, vai recibir apoio por parte do profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe designado a tal efecto.

E para que así conste, asino

En Buño a_____de_______ de 20

Pai/Nai/Titor/a legal

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 3: SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A.

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: | |
| Curso: | Data de nacemento: |

2. DATOS PERSOAIS DO MESTRE/A SOLICITANTE.

| |
|---|
| Nome e apelidos: |
| Impartiu docencia ao alumno/a durante os cursos: |

3. MOTIVO DA SOLICITUDE.

| |
|---|
| |

4. DESENVOLVEMENTO DO ALUMNO/A.

| |
|---|
| Aspectos biolóxicos. (Dificultades sensoriais, saúde, medicación, acude a especialistas externos: logopedia, psicoloxía, fisioterapia, ...) |
| Desenvolvemento cognitivo. (Dificultades de razoamento, lóxica, memoria, atención, ...) |
| Desenvolvemento motor. (Dificultades no andar, coordinación, agarrar o lapis, man coa que escribe, ...) |
| Desenvolvemento comunicativo-lingüístico. (Dificultades articulatorias, |

P.X.A.

| |
|---|
| sintácticas, ...) |
| Desenvolvemento social. (Relación cos compañeiros da aula e do centro, amizades fóra do centro, relación cos mestres, ...) |
| Desenvolvemento afectivo. (Autoestima, dependencia emocional, introversión ou extraversión, ...) |

5. DATOS PEDAGÓXICOS.

| |
|---|
| Estilo de aprendizaxe, motivacións, intereses,... |
| Nivel de competencia curricular. (Obxectivos e contidos das diferentes áreas nos que destaca polo seu dominio ou dificultade en alcanzalos.) |

6. DATOS DO CONTORNO FAMILIAR.

P.X.A.

| |
|---|
| Aqueles datos relevantes no seu desenvolvemento. (Número de irmáns, familias desestructuradas, hábitos de soño, celos, aceptación familiar da problemática, lingua materna, ...) |

7. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR.

| |
|---|
| Historial académico. (Repetiu curso, recibiu con anterioridade apoio dentro ou fóra da aula, ...) |
| Escolarizacións anteriores. (Centros nos que estivo escolarizado con anterioridade e niveis que cursou.) |
| Escolarización actual. (Datos das avaliacións trimestrais, apoios na aula, etc.) |

Buño, ____ de ________________ do 20___ .

Asinado:

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE

C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 4: INFORMACIÓN AS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

D/Dª......................................................................................................, con DNI ...................... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ................................................................, matriculado durante o presente curso lectivo 2024/25 en ...................... de ........................., fun informado/a polo Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención á diversidade oportunas de cara ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. Polo tanto:

Buño, a.......... de ............................. de 20......

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE

C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

**ANEXO 5: INFORMACIÓN AS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.**

D/Dª............................................................................................, con DNI ...................... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ......................................................................................................., matriculado durante o presente curso lectivo 2024/25 en ...................... de ........................, fun informado/a polo Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a, e da realización da avaliación psicopedagóxica

P.X.A.

Buño, a.......... de ............................ de 20......

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 6: FLEXIBILIZACIÓN

D/Dª........................................................................................................................, con

DNI..................................... .como pai/nai de ............................manifesto:

☐ A miña **conformidade** para a flexibilización do período de escolarización (permanecer un ano mais, con carácter extraordinario, na etapa educativa na que se atopa) do meu fillo/a.

☐ A miña desconformidade coa medida (alegando as seguintes razóns):

__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
__________________________________________________________
________________________________________________________

Asdo. A nai/pai do alumno.

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 7: AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

D./Dna_______________________________________________________ con DNI__________________________________________ pai/nai/titor legal do alumno/a de ____________________________________________

**AUTORIZO** ó CEIP Joaquín Rodriguez Otero, de Buño a que se reúna con_______________________________ con D.N.I__________________ do Centro__________________________________, para compartir os datos relativos a:

- Nome e apelidos
- Teléfono
- Correo electrónico
- Outros: certificado de discapacidade, necesidades, traballo que se está a realizar co alumno/a,

Este consentimento emítese para que se comparta coa entidade arriba indicada, información Pedagóxica e Didáctica co fin de coordinarse e mellorar os resultados do alumno/a e outras cuestión que poidan ser de interese.

En Buño a____de _______de 20

Asd:___________________

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es*

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 8 : CONFORMIDADE PARA A REALIZACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

D/Dª.............................................................................................., con DNI ..................... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ........................................................................................ ................, matriculado durante o presente curso lectivo 2024/25 en ..................... de Educación Primaria, fun informado/a polo Departamento de Orientación e/ou polo/a titor/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e das áreas e condicións e aspectos da Adaptación Curricular Significativa.

P.X.A.

Buño, a.......... de ............................ de 20......

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "**
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 9 : AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA A SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFIO (E.O.E)

D/Dª……………………………………………………………………………………, con DNI …………………. en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ………………………………………………………………………………………………, matriculado durante o presente curso lectivo 2024/25 en …………………. de ……………………., fun informado/a polo Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e

☐ **AUTORIZO** A INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO.

☐ **NON AUTORIZO** A INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO.

P.X.A.

Buño, a………. de ……………………….. de 20……

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE

C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 10 : RECOLLIDA DA INFORMACIÓN DO TITOR/A

***1.DATOS PERSOAIS.***

Alumno/a. Nome:_______________ Apelidos:__________________________________

Ciclo:___________ Nivel:__________

Data de Nacemento____________________________

Domicilio:_______________________ Tlf:_____________________________________

Pai.Nome:________________________ Idade:____________ Profesión:_____________

Nai. Nome:________________________ Idade:____________ Profesión:_____________

Nº de irmáns______________________ Lugar que ocupa:_____________________

***2.ESCOLARIDADE.***

Cursou infantil? Cantos anos? Repetiu curso? Cal?

Cambiou de centro escolar? Cantas veces? Asiste a clase con regularidade?

En caso negativo, porqué?

Nivel escolar alcanzado aproximadamente polo alumno/a;

Segundo consta no expediente académico, este alumno ten superado:

***3.ADAPTACIÓN AO MEDIO ESCOLAR.***

***Dentro da aula.***

Está a gusto na clase?

P.X.A.

Obsérvase rechazo dos seus compañeiros/as?

A ubicación do/a alumno/a na aula é a axeitada para un maior control do seu traballo?

Os materiais de traballo son axeitados ás súas posibilidades?

Priorízanse os contidos segundo as súas características?

Mostra  interés polas tarefas?

Distráese con facilidade?

***Fóra da aula.***

No  patio está pasivo e non sabe o que facer?

Inicia actividades de forma autónoma?

Tende a estar só sen xogar con outros compañeiros/as?

Xoga sempre cos mesmos nenos/as?

Imita as actividades dos demais?

Molesta aos demais sen integrarse nos xogos?

Busca la compañía dos mestres/as?

***4.PERSONALIDADE/ CONDUCTA***

| | | | |
|---|---|---|---|
| IMPULSIVO | | | REFLEXIVO |
| ATENCIÓN DISPERSA | | | ATENCIÓN CONCENTRADA |

P.X.A.

| | | | |
|---|---|---|---|
| NERVIOSO | | | TRANQUILO |
| TIMIDO | | | EXTROVERTIDO |
| IRRESPONSABLE | | | RESPONSABLE |
| APÁTICO | | | MOITO INTERÉS |
| DEPENDIENTE | | | INDEPENDIENTE |
| INDECISO | | | DECIDIDO |
| IRREGULAR | | | CONSTANTE |

***5.CUESTIONARIO ESTILO DE APRENDIZAXE***

***1º NIVEL DE AUTOESTIMA:***

| | |
|---|---|
| ALTO | |
| BAIXO | |
| NORMAL | |

***2º NIVEL DE ATENCIÓN:***

| | |
|---|---|
| É ACEPTABLE EN TODA A XORNADA | |
| MAIOR ATENCIÓN NAS PRIMEIRAS HORAS | |
| MELLOR CON ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA | |

***3º RELACIÓN CO GRUPO CLASE:***

| | | | |
|---|---|---|---|
| ILLADO | | | INTEGRADO |
| REXEITADO | | | SOCIABLE |
| SOLITARIO | | | PARTICIPATIVO |
| TRANQUILO | | | INQUEDO |
| RETRAÍDO | | | ABERTO |

***4º A SÚA ACTITUDE NA CLASE É:***

| | SI | ÁS VECES | NON |
|---|---|---|---|
| PARTICIPATIVA | | | |

P.X.A.

| | | | |
|---|---|---|---|
| EXPRESA ABERTAMENTE OS SEUS DESEXOS | | | |
| QUEIXASE CONSTANTEMENTE | | | |
| TOMA A INICIATIVA | | | |
| REACCIONA TIMIDAMENTE | | | |

***5º A SÚA ACTITUDE ANTE AS TAREFAS É***:

| | SI | ÁS VECES | NON |
|---|---|---|---|
| É ORDEADO NO SEU TRABALLO | | | |
| COIDA O MATERIAL ( PROPIO E COMÚN) | | | |
| CANSASE CON FACILIDADE | | | |
| CARECE DE ORDE E LIMPEZA | | | |
| TRAE TODO O MATERIAL | | | |
| PERDE MATERIAIS | | | |
| É RESPONSABLE NA REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | |
| MOSTRA INTERESE POR REALIZAR O SEU TRABALLO | | | |
| ESFORZASE | | | |

***6º TRABALLA MELLOR EN:***

| | |
|---|---|
| GRAN GRUPO | |
| GRUPO PEQUENO | |
| TRABALLO INDIVIDUAL | |

***7º MOTIVASE MELLOR CON:***

| | |
|---|---|
| TAREFAS / SITUACIÓNS COMPETITIVAS | |
| TAREFAS / SITUACIÓNS COOPERATIVAS | |
| PRECISA DO USO DE REFORZADORES (Materiais, Sociais) SI NO | |

***8º RITMO DE TRABALLO:***

| | |
|---|---|
| NECESITA MOITO TEMPO PARA FACER AS TAREFAS | |
| FAI O SEU TRABALLO CON RAPIDEZ | |

***9º GRADO DE AUTONOMÍA NA REALIZACIÓN DAS TAREFAS:***

P.X.A.

| | |
|---|---|
| É AUTÓNOMO CON REFERENCIA AO PROFESOR/GRUPO | |
| DEPENDENTE CON REFERENCIA AO PROFESOR/GRUPO | |

***10º PARA ATENDER ÁS SÚAS DIFICULTADES PRECISARÍA:***

| | |
|---|---|
| CONTROL E ASISTENCIA CONTINUADAS POR PARTE DO/A MESTRE/A | |
| UN RITMO MAIS LENTO NA PROGRAMACIÓN DAS TAREFAS | |
| INSTRUCIÓNS CLARAS E PRECISAS | |

***6.OUTRAS OBSERVACIÓNS.***

Asdo: O/A titor/a

Buño,______ de _____________________ de 20_______

P.X.A.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

C.E.I.P. " JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO "
R/ Campo de Xaviña, s/nº. 15111 BUÑO - MALPICA (A CORUÑA )
Tlf. 881880740 .E-mail::ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez

## ANEXO 11 : ENTREVISTA AO ALUMNO/A E/OU( AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA)

### 1. DATOS PERSONAIS.

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Curso:

Nome do Pai:

Idade e Profesión:

Nome da Nai:

Idade e Profesión:

Irmáns (Idade e Ocupación):

P.X.A.

### 2. ANTECEDENTES ESCOLARES.

- En que ano empezaches neste centro?
- Estiveches en algún outro centro anteriormente?
- Por que te cambiaches?
- Como che foi nos cursos anteriores?

- Repetiches algunha vez? Que curso? Por que crees que repetiches?

- Como che vai este curso?

- En Matemáticas? Como se che dan? Calificación.

- En Linguas? Como se che dan? Calificación.

- Nas outras áreas? Calificación.

- Tes áreas suspensas do curso pasado?

- As túas áreas preferidas son ... Por que?

- As áreas máis difíciles para ti son ... Por que?

P.X.A.

**3. MEDIDAS PREVIAS.**

- Tiveches algunha vez reforzo, apoio en algunha área?

- Como che foi? Crees que che axudou?

- Canto tempo estiveches?

## 4. HISTORIAL MÉDICO.

- Padeces ou padeciches algunha enfermidade importante?

## 5. PERSONALIDADE.

- Como te describirías a ti mesmo/a?
- Como crees que te ven os demais?
- Que é o que máis che gusta de ti?
- E o que menos?
- Cando aprobas unha área a que crees que se debe:
    - O teu esforzo
    - boa sorte
    - ao bo que es.
- Cando suspendes unha área a que crees que se debe:
    - A falta de esforzo.
    - A mala sorte
    - A se che da mal.

## 6. SOCIABILIDADE.

- Que tal te levas cos teus pais? Crees que son xustos contigo?
- E cos teus irmáns?

P.X.A.

- Gústache pasar tempo coa familia?

- Tes bos/as amigos/as?
- Confías en eles/as?
- Pasas moito tempo con eles/as ou prefires pasar máis tempo so?

- Que é o que máis che preocupa da túa relación cos/as amigos/as?

- Que tal te levas coa xente da túa clase?

- Hai alguén con quen te leves mal?

- Con quen te levas mellor?

**7. ADAPTACIÓN.**

***Persoal.***

- Estás contento/a coa túa forma de ser e co teu físico?

- Cambiarías algo da túa forma de ser ou do teu físico?

***Familiar.***

P.X.A.

- Sénteste a gusto na casa?

- Sénteste comprendido polos teus pais e irmáns?

- Como calificarías aos teus pais na súa educación?

***Escolar.***

- Estás contento/a de pertencer a túa clase?

- Atópaste a gusto cos teus compañeiros/as de clase?

- Crees que estas integrado/a? Por que?

- Crees que se coñecen e respectan as normas de funcionamento da clase?

**8. POTENCIAL DE APRENDIZAXE.**

***Aspectos que o propician ou dificultan.***

- O teu interese polo traballo escolar é: alto, medio ou baixo.

- Que razóns tes para estudar?

- Crees que na túa clase hai un clima que permite aprender?

- Estas contento/a cos teus/túas mestres/as en xeral?

- Na túa casa ao feito de que estudes danlle: moita importancia ou pouca importancia.

- Cando sacas boas notas, que fan teus pais?

P.X.A.

- Cando sacas malas notas, que fan teus padres?

- Teus pais apóiante para seguir estudando?

- Na túa casa hai boas condicións para o estudio?

- Dispós de apoios extraescolares?

- Asistes a actividades fora do horario escolar? Cales?

## 9. CAUSAS QUE INCIDEN NO DESAXUSTE.

- Pasou algo ultimamente, na túa vida persoal, familiar ou escolar tan importante como para que che afectara moito?

P.X.A.